



Xornadas Técnicas
sobre a Cultura do **Viño**

VIII Cata Concurso
dos Viños Rías Baixas
- Albariño da Ribeira
do Ulla



Ruta moteira e de
coches antigos polos
viñedos da Ribeira do
Ulla

Harmonía: viño,
tapas e música

Programación da **XLIV**
Exaltación do Viño
da Ulla



XLIV



EXALTACIÓN



DOVIÑODA

ULLA

SAN MIGUEL DE SARANDÓN - VEDRA



11 E 12
ABRIL
2026

www.festadovinodaulla.com



COMISIÓN ORGANIZADORA DA
"FESTA DO VIÑO DA ULLA"
ASOCIACIÓN DE FESTIVOS POPULARES
"SAN MIGUEL DE SARANDÓN"



Concello
de Vedra



Deputación
DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

GALICIA
CALIDADE

Xacobeo



2027

Rías Baixas
DENOMINACIÓN DE ORIXE



síguenos en  [comercial_emi](#)

COMERCIAL EMI  TM

ELECTRODOMÉSTICOS • MENAJE • HOGAR • PINTURA • SUMINISTROS • JARDÍN • ILUMINACIÓN • MAQUINARIA

Rúa Xesteira 1, Serra de Outes (A Coruña) 15230 Telf: 981 85 01 36

 **Ferretería Vilela**
desde 1993

 **Cadena 88**
ferreterías

 **Husqvarna**

O Foxo, 11 - Rubín • A Estrada Tlf. 986 588 050 R/ San Antón, 15 • A Estrada Tlf. 986 571 051

www.ferreteriavilela.com



"Tu ferretería de confianza en Ribadumia"

Saúda do Presidente da Xunta, Alfonso Rueda, con motivo da XLIV Exaltación do Viño da Ulla

ALFONSO RUEDA VALENZUELA, PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA

44 anos de éxitos

San Miguel de Sarandón volverá este ano vestir as súas mellores galas para poñer no lugar que se merece ao viño da Ulla: e xa van 44 edicións facéndoo. Hoxe, case medio século despois, a celebración xa está marcada en negriña nos calendarios de Galicia por méritos propios.

O certo é que cando se unen bo viño, diversión e música, o

éxito está asegurado. Como en calquera festa galega, durante estes días en Vedra farase comunidade, festexarase e, por riba de todo, comerase e beberase ben.

Con todo, esta celebración ten un valor engadido, moi especial. É tamén o escaparate dun viño extraordinario, cuxa produción e calidade non deixou de medrar nos últimos anos. Un produto exemplo da nosa Galicia Calidade: esa marca que representa no mundo o ben que

facemos as cousas nesta terra. E as cousas en Vedra, e en toda a beira do Ulla, fanse estupendamente ben: como se demostra todos os anos nesta festa e como se demostra tamén en cada unha das botellas desta subzona.

Os viños do Ulla son unha peza fundamental desa amplísima riqueza vitivinícola que atesouramos en Galicia. Un valor que transcende o económico: que é parte da nosa cultura, da nosa imaxe exterior e do noso atractivo turístico. Por iso, na Xunta traballamos tan arreo por potenciar e coidar este sector e, por iso tamén, nos enche de orgullo ver como festas coma esta son cada vez máis coñecidas e recoñecidas.

Confío en que esta edición volverá ser de novo un éxito de visitantes e de diversión, unha nova oportunidade para dar a coñecer os extraordinarios produtos da zona, e a ocasión perfecta para brindar todos xuntos cunha boa copa de viño da Ulla.

Por moitos éxitos e por moitos anos máis!



Recuncho da memoria 43 anos de historia...



Saúda do Alcalde de Vedra, Carlos Martínez, con motivo da XLIV Edición da Exaltación do Viño da Ulla

CARLOS MARTINEZ CARRILLO, ALCALDE DO CONCE-
LLO DE VEDRA

A Exaltación da Festa do Viño converte unha vez ao ano a parroquia de San Miguel de Sarandón na capital do viño na Ribeira do Ulla e en toda a zona da Denominación de Orixe Rías Baixas. Na súa historia que suma xa con esta cincuenta e catro edicións, foron moitas as iniciativas, as apostas, os éxitos, as aprendizaxes, os xiros, as alternativas, e como non as dificultades e as pedras no camino.

Sen esquecernos de mirar atrás, este evento que trascende no calendario, debe seguir afrontando cambios con ánimo e ilusión co obxectivo dun futuro novo e diferente cada ano. Eso sí sempre coa excelencia do albariño da Ribeira do Ulla como a súa verdadeira esencia e protagonista e con San Miguel de Sarandón como escenario dos seus sonhos por descubrir.

Ben sei que os cambios e os impulsos sempre son difíciles de acometer, pero son moito máis posibles contando coa consoli-

dación da Subzona Ribeira do Ulla dentro da Denominación de Orixe, coa presenza e a esencia dos seus oito concellos entre os que por suposto nos atopamos, coas entidades públicas como a Xunta de Galicia e a Deputación da Coruña moi presentes, coas adegas, con produtores e con viticultores e viticultoras e, por suposto, todo baixo o paraugas dunha Comisión de Festexos Organizadora que lle da presenza e exencia a cada nova edición desta Exaltación do Viño da Ulla.

Coas súas Xornadas Técnicas, coa súa “Orde de Amizades da Bota do viño” coas súas apostas musicais, culturais, artesanais, coa súa exposición de recursos turísticos, o segundo domingo de abril é unha maneira máis de ver e sentir o seu potencial a través dun produto que xa é marca e símbolo de re-

ferencia do Val da Ulla.

Así que sempre cun novo obxectivo no horizonte e sempre coa finalidade de afrontar con éxito novos retos chega neste 2026 unha nova cita coa “Festa do Viño” a de sempre e tamén a do futuro!!

Vémonos en Sarandón!!



para descubrir

- SON ... pedra
- SON ... pazos
- SON ... auga
- SON ... paisaxes naturais
- SON ... a porta de Compostela



para o lecer

- SON ... sendeirismo
- SON ... cicloturismo
- SON ... Vía da Prata e Camiño Miñoto-Ribeiro
- SON ... piraguas
- SON ... Barcas do Ulla
- SON ... pesca
- SON ... natureza
- SON ... áreas de recreo
- SON ... hostalería



VEDRA



Concello de Vedra

www.vedraturismo.com
www.concellodevedra.gal



para mercar

- SON ... tecido empresarial
- SON ... industria viva
- SON ... servizos especializados
- SON ... comercio de proximidade
- SON ... máis de 220 negocios



O viño como identidade, economía e futuro compartido

VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Celebramos xa a XLIV edición da Exaltación do Viño da Ulla, unha cita que, ano tras ano, consolídase como un dos grandes encontros arredor da nosa cultura vitivinícola.

O viño forma parte da nosa identidade. Forma parte da paisaxe, da economía, da tradición e tamén da modernidade desta terra. A Subzona Ribeira do Ulla da Denominación de Orixe Rías Baixas é un exemplo perfecto de como tradición e innovación poden camiñar da man. Aquí, o saber facer transmitido de xeración en xeración convive cunha aposta decidida pola calidade, pola profesionalización e pola apertura a novos mercados.



Quero recoñecer, de maneira especial, o traballo dos adegueiros e viticultores que, co seu esforzo diario, manteñen vivo un sector estratéxico para o desenvolvemento económico da comarca. O seu compromiso coa excelencia é o que fai posible que os viños da Ribeira do Ulla sexan hoxe sinónimo de prestixio, personalidade e carácter propio.

Esta festa non é só unha exaltación dun produto; é tamén unha celebración colectiva dun territorio que entende que o seu futuro pasa pola cooperación. Os oito concellos que integran a Subzona Ribeira do Ulla comparten unha mesma vocación: poñer en valor os seus recursos, fortalecer o tecido produtivo e xerar oportunidades de desenvolvemento. Esa visión compartida é, sen dúbida, unha das grandes fortalezas desta comarca.

Desde a Deputación da Coruña defendemos con convicción o papel do sector agroalimentario como motor de emprego, de fixación de poboación no rural e de dinamización económica. Apostar polo viño é apostar por

un modelo de desenvolvemento que crea riqueza desde o territorio e para o territorio.

A Exaltación do Viño da Ulla é tamén unha oportunidade para abrir portas, para compartir coñecemento, para recoñecer a excelencia nos concursos-cata e para achegar á cidadanía a diversidade e singularidade destes caldos. É unha mostra de que cando institucións, asociacións e sector produtivo traballan xuntos, os resultados son visibles e perdurables no tempo.

Quero felicitar ao Concello de Vedra e á Asociación de Festexos Populares San Miguel de Sarandón pola súa implicación e pola súa capacidade organizativa. Grazas ao seu esforzo, esta celebración continúa medrando e reforzando o seu prestixio ano tras ano.

Animo a todas as persoas que se acheguen estes días a gozar non só do viño, senón tamén da hospitalidade, da gastronomía e da riqueza cultural desta terra. Porque detrás de cada copa hai unha historia, un traballo e un orgullo colectivo.



A CORUÑA PROVINCIA

956 KM DE COSTA E UN CAMIÑO INFINITO DAN PARA MOITO TURISMO

- Rías Altas: Ferrolterra
- Rías Altas: A Coruña e As Mariñas
- Costa da Morte
- Terras de Santiago
- Rías Baixas: Ría de Muros e Noia
- Rías Baixas: Ría de Arousa Norte



Deputación DA CORUÑA



turismo.dacoruna.gal



Saúda da conselleira do Medio Rural, María José Gómez Rodríguez, para a XLIV Exaltación do Viño da Ulla

MARÍA JOSÉ GÓMEZ RODRÍGUEZ, CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL DA XUNTA DE GALICIA

Dicía Dante Alighieri que “o viño sementa poesía nos corazóns”. Sen dúbida, un bo viño, como os da subzona da Ribeira do Ulla da Denominación de Orixe Rías Baixas, é verdadeira poesía.

Esta é, ademais, unha riqueza que se pon en valor todos os días do ano, pero especialmente coa celebración da Festa do Viño da Ulla, un evento que acada xa a súa edición número 44 e que se consolida como cita de referencia para os amantes deste produto senlleiro do noso agro.

San Miguel de Sarandón é estes días un lugar de visita in-

eludible, tanto pola festa en si como polas xornadas técnicas sobre a cultura do viño, o concurso-cata ou a mostra dos viños desta contorna. Desde esta aldea, desde o rural, contribuímos a ampliar esta experiencia vitivinícola e gastronómica.

Por todo o dito, para min constitúe unha honra e un pracer saudar desde este xornal conmemorativo aos adegueiros e viticultores que fan posible esta celebración. Tamén, por suposto, aos veciños destas terras do Ulla, que co seu traballo axudan a preservar esta tradición, e aos visitantes que se achegan a elas.

Desde a Xunta temos moi presente a importancia de eventos como este, que contribúen sen dúbida a enxalzar o viño e



a manter vivo o noso rural. Por iso os apoiamos de xeito local e, no plano global, impulsamos a promoción deste produto nos diferentes mercados e fomentamos a actividade vitivinícola con diferentes liñas de axuda e cunha estratexia específica.

Galicia conta cun sector vitivinícola moderno e con vocación de innovación e inter-

nacionalización. O Goberno galego continuará respaldando aos produtores, que ademais axudan a manter a nosa paisaxe, loitan contra o abandono e xeran riqueza desde o rural.

Este esforzo, en cooperación cos axentes sectoriais, fai posible que o viño sexa un dos eidos máis dinámicos do agro galego e que non deixe de con-

quistar mesmo os padais máis esixentes.

Un labor conxunto que marca unha folla de ruta na que temos que perseverar, para seguir facendo grande este mundo. Por iso, hoxe quero brindar cunha copa de viño do Ulla para celebrar o seu fermoso presente e o seu ventureiro futuro. Saúde!



Portadas históricas dos libros da festa

Portada da revista da XIV Exaltación do Viño da Ulla do ano 1994.



Portada do especial publicado por “El Correo Gallego” pola IV Exaltación do Viño da Ulla en 1984.



Portada da revista da XXIV Exaltación do Viño da Ulla do ano 2004.



Portada da revista da XXXIV Exaltación do Viño da Ulla do ano 2014.



Saúda do conselleiro de Cultura, José López Campos, para a XLIV Edición da Exaltación do Viño da Ulla

JOSÉ LÓPEZ CAMPOS, CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA

Na comarca do Ulla, onde o viño é sinónimo da memoria colectiva e da tradición galega, a festa da Exaltación do Viño da Ulla é unha das citas vitícolas máis esperadas do mes de abril dende 1981 e que, despois de corenta e catro edicións, está plenamente consolidada tanto entre os veciños e veciñas de San Miguel de Sarandón-Vedra e dos concellos próximos, como entre todos os galegos e galegas que ven esta celebración como unha reafirmación do que somos.

Unha festa onde se celebra a cultura do viño, que actúa como un gran escaparate do patrimonio local e do espírito mesmo de todo o pobo galego que se sente orgulloso do seu e que traballa por promocionalo entre aqueles que se amosan interesados en mergullarse nas nosas costumes, tradicións, gastronomía e cultura. Unha tarefa que ano tras ano asumen, con compromiso e xenerosidade, a comisión de festexos e a veciñanza no seu conxunto e que logra fortalecer os lazos comunitarios en torno ao viño da subzona Ribeira do Ulla, pertencente á D.O. Rias Baixas. Asemade, actúa como un gran dinamizador na promo-

ción e prestixio da nosa lingua, da música e o baile tradicional e do noso patrimonio material e inmaterial, todos eles berce da identidade galega.

O viño do Ulla é, porén, un símbolo de cultura e comunidade, unha linguaxe persoal a través da cal poder transmitir os valores que nos definen. Aquí, Galicia Calidade é moito máis cunha marca de país, é o resultado do labor levado a cabo durante décadas polos viticultores, as adegas, os veciños e veciñas que actuades como verdadeiros embaixadores de Galicia amosando a potencialidade do noso rural e sabendo conxugar tradición e modernidade.

Dicía Cunqueiro que “aos galegos, gústannos os nosos viños. Quizabes porque teñen máis ganas de falar ca nós, ou porque teñen un sabor fuxitivo, e buscándollo, rememoramos tempos, lugares, xentes, amores, despedidas”. Seguindo o sabio mestrado do mindonien- se, agardo que estas liñas sirvan de convite para descubrir ou redescubrir esta festa, facer pre-



sente as nosas lembranzas e nos reunamos todos arredor dunha copa de viño de San Miguel de Sarandón para brindar polo sabor da terra, polo pobo galego

que celebra e mantén vivas as súas tradicións e pola esperanza de continuar celebrando esta Exaltación do Viño do Ulla durante moitas edicións máis.





GROSER

AGROSERVICIOS DEL ULLA

☎ 606794055 - 609744661

Lg. Dozar nº 3

San Miguel de Sarandón - Vedra

agroserulla@gmail.com

Ribeira da Ulla, facendo historia na D.O Rías Baixas

ISIDORO SERANTES, PRESIDENTE DO CONSELLO REGULADOR DA DENOMINACIÓN DE ORIGE RÍAS BAIXAS

Superado o cuarto de século de historia dentro da Denominación de Orixe Rías Baixas, a subzona da Ribeira do Ulla é a cuarta con maior peso nesta rexión vitivinícola, e medrando. Se miramos as cifras postpandemia, nos últimos cinco anos a evolución destas terras bañadas polo río Ulla foi moi positiva. De feito, pasou de 194 hectáreas, 91 viticultores e 7 adegas en 2020 ás 437 hectáreas, 94 viticultores e 12 adegas actuais. Así, a subzona da Ribeira do Ulla converteuse nun piar fundamental dentro desta denominación, cun futuro prometedor.

É innegable que existe unha tradición coa cultura do viño na subzona da Ribeira do Ulla, cuxa máxima expresión ten lugar na Festa de Exaltación do Viño da Ulla, que chega á súa 44 edición e que traballa para conseguir a merecida declaración de Festa de Interese Turístico. Os doce produtores da



zona protagonizarán coas súas marcas a degustación destes viños que, ademais, estarán acompañados de petiscos elaborados cos mellores produtos galegos e música en directo. Non faltarán as charlas técnicas sobre a cultura do viño nesta contorna, nas que colabora esta Denominación de Orixe e que están dirixidas tanto aos profesionais do sector como ao público xeral. E, como colofón,

terá lugar unha nova edición da Cata-Concurso dos Viños Rías Baixas Albariño Ribeira do Ulla, que nos dará algunhas pistas de como evoluciona a colleita 2025.

Compaxinar cultura do viño na Ulla con experiencias enoturísticas pode converterse no plan perfecto para a segunda fin de semana de abril, na que ten lugar a Festa de Exaltación do Viño da Ulla, a través das

propostas da Ruta do Viño Rías Baixas. Primavera é o momento ideal para visitar o seu patrimonio histórico como son os pazos de Santa Cruz e Guimaráns, o Mosteiro de Carboeiro; o seu patrimonio natural co Coto de Ximonde, o monte Pico Sacro ou a Fervenza do Toxa. Ademais, esta comarca conta cunha rica gastronomía km 0 con produtos como o cocido ou a filloa que harmonizan á perfección

cos viños Rías Baixas de Ribeira del Ulla.

Por iso, desfrutar da primeira festa do ano do viño na D.O. Rías Baixas é a escusa perfecta para estreir esta primavera. Veciños e veciñas, organizadores e o Concello de Vedra vócanse neste festexo que exalta estes viños atlánticos e autóctonos que falan da súa tradición e cultura local.

Grazas a todos. Viva a Festa do Viño da Ulla!

Poularde Bresse à basse température champignons glacés au vin blanc et soufflé de pommes de terre monalisa à la crème de camembert tiède et échalotes confites

ALBARIÑO RÍAS BAIXAS
**GUSTA ALLÍ
GUSTA AQUÍ**
Rías Baixas
DENOMINACIÓN DE ORIGEN

A enoloxía reclama o seu papel como referente turístico na Exaltación do Viño da Ulla

**JOSÉ MANUEL MERELLES,
DIRECTOR DA AXENCIA DE
TURISMO DE GALICIA**

Foi Álvaro Cunqueiro quen bautizou a Galicia como o país dos mil ríos. Sen dúbida o escritor, que tanto contribuíu a que o albariño tivese a sona que ten hoxe en día, non había poñer peros se, parafraseando a súa expresión, falamos de Galicia como o país dos mil viños. Con máis de 7.600 explotacións e 400 bodegas, a expresión habíase quedar curta.

A cultura enolóxica constitúe unha parte indispensable tanto do patrimonio galego como da súa oferta turística. Aporta valor engadido a calquera proposta de viaxe, cando non se erixe como o motivo mesmo para esta, moitas veces acompañado da tamén excelente gastronomía da comunidade.

Zona de brancos por excelencia, a denominación de orixe Rías Baixas ten unha longa tradición histórica no cultivo da vide e a elaboración de viño. A constitución do Consello Regulador en 1988 marca un fito no calenda-

rio, redondeado o ano 2000 coa incorporación da subzona Ribeira do Ulla, que expande a marca máis aló da provincia de Pontevedra para abranguer concellos tamén da Coruña: A Estrada, Silleda e Viladecruces na primeira e, na última, Boqueixón, Padrón, Teo, Touro e Vedra.

É precisamente nesta última localidade, na parroquia de San Miguel de Sarandón, onde desde hai máis de 40 anos se ven celebrando a Exaltación do Viño da Ulla. En concreto, en 2026 chégase á 44 edición dunha festividade que busca poñer en valor o propio produto, o excelente viño desta zona, e que conta o relato de toda a cultura que se orixina arredor del.

Esta cultura é precisamente a que converte a enoloxía nun recurso turístico de calidade. Desde a Axencia recoñecemos o valor da enoloxía como ferramenta de atracción de visitantes. Trátase ademais dunha aposta táctica: permite achegar á xente ao rural en tempadas tradicionalmente con menor actividade. Estes factores son os que, preci-

samente, fan que o turismo enolóxico teña un papel diferencial na Estratexia 2030: a súa capacidade de poñer en valor algo tan noso como a tradición vitivinícola, de expandila máis aló do propio viño e de contribuír con isto á distribución temporal e espacial da demanda turística e actuar como elemento dinamizador no rural.

Nesta liña avanza iniciativas da Xunta como o Plan territorial de sustentabilidade turística de enogastronomía, que se desenvolve a través de tres dimensións clave: produto, proceso e cultura. Para isto conta cun orzamento de 34,5 millóns de euros, distribuídos en tres Actuacións en Destino -entre elas, a creación dun hub enogastronómico de formación, para avanzar na profesionalización desta modalidade turística-; 11 Plans de Sustentabilidade Turística en Destino impulsados por entidades locais; e dous proxectos do Plan Nacional de Enogastronomía.

Ademais, desde Turismo de Galicia vense impulsando outras propostas específicas en



enoloxía, como a Primavera de Portas Abertas das Rutas do Viño que, durante as fins de semana do mes de maio, promove o coñecemento do produto das cinco Denominacións de Orixe galegas e dos elementos arredor desa cultura vitivinícola tradicional nosa.

Iniciativas como a Exaltación do Viño da Ulla contribúen decisivamente a esta estratexia

e engaden un valor esencial, ao destacar desde a propia rexión o traballo da xente dedicada ás vides, as celebracións que leva parellas e o potencial de dinamización económica que supón para o rural. Ao permitir ir máis aló da propia comercialización dos viños para resaltar a súa contribución como parte da nosa identidade. Por moitos anos máis.

RUMOR
OUTONO
E SE CALIDADE FOSE UN LUGAR?
TESOURO

**GALICIA
CALIDADE**

 **XUNTA
DE GALICIA**

Santa Cristina de Ribas de Sil, Ourense

Xacobeo  2027

Camiño da festa



O mellor Albariño está na Ulla

Medalla de ouro Cambados 2012, 2020 e 2021
Medalla de prata Cambados 2022
5 estrelas Guía Peñín
Acio de bronce na Cata dos Viños de Galicia 2012

ALBARIÑO
GUNDIAN®
Elaborado y embotellado por ADEGA VALDES S.L.
Vino - Galicia - ESPAÑA
R.E. 40.935/C
12,5%vol. 75 cl.

Adega Valdes
Santa Cruz de Rivadulla - 15885 - Vedra
Tel: 981 51 24 89
luiscid@gundian.com
www.adegavaldes.com

Adegas Castrobrey una bodega diferente dentro de la D.O. Rias Baixas (Subzona del Ulla) Camanzo/ Vila de Cruces / Pontevedra
www.Castrobrey.com

ALBARIÑO ELABORADO SOBRE LIAS

MAR DE ENVERO

mardeenvero.es

INTERNATIONAL WINE AWARDS
GOLD 98-99 points
SPAIN 2020

Rías Baixas
Denominación de Origen

Saúda da Comisión de Festas para a XLIV Edición da Exaltación do Viño da Ulla

A COMISIÓN DE FESTAS

O ano pasado falábamnos sobre que tería o noso viño albariño da Ulla, para ser o produto escollido entre tódalas riquezas de San Miguel de Sarandón para dedicarlle a festa e o maior esforzo do ano. A resposta pode

ser fácil: ten o elemento histórico que tanto nos honra, o potencial económico que tanto nos aporta, e o compoñente social que tanto nos gusta.

Neste 2026 reflexionamos sobre o importante que ha de ser para nos a festa, cando ano

tras ano os veciños e veciñas nos volvemos a unir para que estes días sexan a data máis esperada para a parroquia e os visitantes. Todos os que pola comisión pasamos algunha vez sabemos ó traballo e a carga que este cargo supón, e sabemos que isto so vai

a máis; máis responsabilidades, máis burocracia, máis gasto... polo que temos claro que a festa funciona tan ben por que tamén nos veciños e nas veciñas hai **máis ilusión, máis compromiso e máis conciencia** do enorme potencial que ten a festa e que

temos xuntos como parroquia.

Agora que con tanta ilusión presentamos o programa de actividades que temos preparamos para este ano -con máis actividades en torno ó noso viño, máis música, máis ampla oferta gastronómica, mellores infraestruturas- estamos profundamente orgullosos de ser capaces de superar o reto que cada ano supón organizar a festa e cada ano lograr mellorala, e **estamos profundamente orgullosos de saber que estamos ante un proxecto consolidado e con garantía de continuidade**, porque a parroquia -que traballamos a reo- merecemos seguir sendo o referente da contorna.

A Comisión de Festas organizadora da XLIV edición da Exaltación do Viño da Ulla, comprácese en invitarvos a todas e todos a gozar con nos estes días de festa, e como cada ano, gardamos un profundo agradecemento para toda a veciñanza que nos axuda e todas as institucións que nos apoian.

FELIZ FESTA DO VIÑO DA ULLA.



ALBARIÑO
CON RAÍCES

... 1668 ...

D.O. RÍAS BAIXAS

BARALLOBRE
Albariño
PAZO DE NIMONDI
Vino de finca seleccionada y constituido en la propiedad
... 1668 ...
D.O. RÍAS BAIXAS

www.barallobre.net

LIXELES

EXALTACIÓN DO VIÑO
Rías Baixas

“Un viño que namora”
Colleita propia

San Miguel de Sarandon - 15885 - Vedra
Tel: 625832616
vinolixeles@gmail.com
www.lixeles.com

CASA DO SOL

*Porque cada momento
merece su mejor vino.*

DISFRUTA DE LA ELEGANCIA DE NUESTRO ALBARIÑO

www.casadosol.es

A Ribeira do Ulla na D.O. Rías Baixas

A zona amparada para a produción dos viños protexidos da Denominación de Orixe Rías Baixas atópase nas provincias de Pontevedra e o sur da provincia de A Coruña.

A subzona Ribeira do Ulla está formada polas parroquias que se citan a continuación dos seguintes concellos:

Concello de Vedra:
San Andrés de Illobre, San Cristovo de Merín, Sta. Mª Magdalena de Ponte Ulla, S. Mamede de Ribadulla, Sta. Cruz de Ribadulla, San Fiz de Sales, San Xián de Sales, San Pedro de Sarandón, San Miguel de Sarandón, Santo Andrés de Trobe, Sta. Baia de Vedra e San Pedro de Vilanova.

Concello de Padrón:
Rumille, Carcacia, Iría Flavia e Herbón.

Concello de Teo:
Oza, Teo, Lampai, Vaamonde, Rarís, Vilariño e Reis.

Concello de Boqueixón:
Codeso, Pousada, Oural, Ponteledesma, Donas e Sucira.

Concello De Touro:

Bendaña.

Concello de A Estrada:
Arnois, Couso, Cora, Oca, Santeles, Paradela, Berres, San Miguel de Castro, San Xurxo de Veá, Ribeira, Riobó, Santa Cristina de Veá, Baloira e Santa Mariña de Barcala.

Concello de Silleda:
Cira.

Concello de Vila de Cruces:
Camanzo, Gres e Añobre.



VARIETADES	PREFERENTES	COMPLEMENTARIAS
BRANCAS	Albariño	Torrontés
	Loureira ou Marqués	Godello
TINTAS	Treixadura	
	Caíño Branco	
	Caíño Tinto	Mencía
	Espadeiro	Brancellao
	Loureira Tinta	
	Sousón	

Un albariño de una tierra trabajada por mujeres que dejan huella.

Maria Manuela
ADEGA ENOTURISMO

@etmariamauela
mariamauelaenoturismo.com

Conoce nuestro proyecto

Piro 15, Oza - Tlf. 629 88 53 71
www.bodegagomezrial.es

PAZO ARRETÉN

Albariño

Rías Baixas

Territorio da Ribeira do Ulla - Denominación de Orixe Rías Baixas



.AC. ADEGA CHAOS



LAGAR

— DE —

BENDAÑA

Viticultura

sostenible

COSECHA ALBARIÑO 2023

3.134 botellas

Ni una más, ni una menos.





DENOMINACIÓN DE ORIGEN

Rías Baixas

ORIGEN REGULADOR

Lagar de Bendaña. Bendaña, 5. Touro 15822. A Coruña. +34 653346794

Como ven os nenos e nenas da Escola de Sarandón a Exaltación do Viño da Ulla



PAZO VISTA ALEGRE
WWW.PAZOVISTAALLEGRE.COM
INFO@PAZOVISTAALLEGRE.COM
 610 52 95 90/3

León Martín 2021



MC
 albariño VIÑA
MARECASTE®
 1º PREMIO CATA AÑO 2018
Rías Baixas
 DENOMINACIÓN DE ORIGEN
 Raris - Teo
 T.- 656 30 61 66



Galería de imaxes da anterior edición





Saúda do Alcalde de Boqueixón, Ovidio Rodeiro

OVIDIO RODEIRO TATO, ALCALDE DE BOQUEIXÓN


A cultura do viño engloba tradición, historia, coñecementos e modos de vida. Unha combinación do saber dos nosos devanceiros coa innovación, creando así unha experiencia que conecta o territorio coa sociedade. Unha cultura do viño que está presente na nosa paisaxe, onde representa un patrimonio cultural que abarca dende o saber facer, a arquitectura das adegas ata a biodiversidade, contribuíndo así ao desenvolvemento sostible e á riqueza local. Porque o viño é tamén parte fundamental da economía dos nosos veciños e veciñas, non so polo produto en si senón tamén por todo o que xurde ao seu redor e que se reflicte na gastronomía e nese enoturismo que permite ao viaxeiro perderse entre viñedos, técnicas de cultivo e catas que reflicten a nosa tradición local.

Unha herdanza asentada dende hai séculos na Ribeira do Ulla e que acada o seu máximo esplendor en romarías como esta da Festa do Viño da Ulla, onde o viño é símbolo de celebración, amizade e hospitalidade, como ben saben as persoas que integran a Asociación de Festeiros Populares San Miguel de Sarandóns. Non en van o consumo de viño ten as súas raíces na época romana, sendo o Camiño un dos seus principais medios de introdución no territorio. E se algo sabemos tanto en Boqueixón como en Vedra

é de rutas xacobeas, co Pico Sacro como faro guía de todas elas.

Un Pico que representa tamén esas condicións especiais da Ribeira do Ulla: un chan menos granítico, cunha maior altitude e cun elevado contraste de temperaturas entre o día e a noite. Unhas condicións que, unidas ao bo facer das xentes destas terras, dan como resultado uns viños da Denominación de Orixe Rías Baixas máis frescos e afroitados. Uns viños que neste último lustro duplicaron o número de hectáreas, aumentaron de sete a doce o número de adegas e duplicaron o volume de uva vendimada, pasado de 1,5 millóns a 3,4 millóns de quilos, convertendo á Ribeira do Ulla na subzona que máis medra dentro de Rías Baixas.

Un contexto no que a Festa do Viño da Ulla, que este ano chega á súa edición número 44, convértese no mellor escaparate destes viños a través das súas xornadas técnicas sobre a cultura do viño, a súa cata concurso e a tradicional mostra dos viños da DO Rías Baixas Ribeira do Ulla. Unha festa na que o Concello de Boqueixón volverá estar presente, promovendo non so os seus viños senón tamén a súa riqueza gastronómica, cultural e paisaxística, ademais das nosas tres festas de Interese Turístico, distinción á que agardamos se sume máis pronto ca tarde a Festa do Viño da Ulla. Ata entón, que viva a Festa do Viño da Ulla!



Saúda do Alcalde de Touro, Jesús Reboredo


JESÚS JOSÉ REBOREDO GONZÁLEZ, ALCALDE DE TOURO

Corenta e catro anos avalan unha festa que soubo medrar sen perder a súa esencia. Chegar a esta cifra non é froito da casualidade, senón do traballo constante, da ilusión compartida e do compromiso dunha comunidade que creu sempre no valor do seu viño e da súa tradición. Esta festa, a XLIV Exaltación do Viño da Ulla, é hoxe un referente, unha cita marcada no calendario que serve para poñer en valor un produto que forma parte da nosa identidade e da nosa historia. Ao longo destas algo máis de catro décadas, foi tamén un espazo de encontro, celebración e transmisión do saber facer das xeracións que coidaron a terra e transformaron os seus froitos con respecto e paixón.

Cumprir 44 anos significa ter raíces fondas e, ao mesmo tempo, mirar ao futuro con ambición. Significa man-

ter viva a tradición, pero tamén saber renovarse, abrirse a novas formas de celebrar e seguir sendo escaparate da calidade e do esforzo de todo un territorio. E mostra disto, do bo facer, é que a subzona Ribeira do Ulla está integrada na Denominación de Orixe Rías Baixas dende o ano 2000, unha integración que supuxo un importante recoñecemento á súa calidade e á súa longa tradición vitivinícola. Aínda sendo a máis nova das subzonas, a Ribeira do Ulla destaca pola personalidade dos seus viños. Uns viños que representan con orgullo a identidade dunha comarca e que demostran que tradición e futuro poden ir da man.

Parabéns a todas as persoas que fixeron posible este camiño. Que este 44 aniversario sexa non só unha celebración do pasado, senón tamén un brinde polo futuro e polos moitos anos máis desta festa do viño.



Saúda do Alcalde da Estrada, Gonzalo Louzao

GONZALO LOUZAO DONO, ALCALDE DA ESTRADA

Despois dun entroido marcado polos altos e atranques dos xenerais, a comarca ullá seguirá a ser protagonista coa celebración da festa de Exaltación do Viño da Ulla, que volverá concitar o interese de milleiros de padais que se achegan cada ano a gozar das múltiples actividades programadas con motivo desta senlleira celebración.

Máis alá da súa natureza lúdica, esta exaltación vinícola converteuse por dereito propio nun referente de primeira orde na subzona da Ulla e nun factor de promoción indispensable para promover a comercialización desta demarcación da Denominación de Orixe Rías Baixas.

Por iso, non debe estrañar que goce, ano tras ano, do recoñecemento unánime do

público. Unha celebración que ao longo de dous días de celebración oferta un abano amplo de propostas como rutas, catas e actuacións musicais, complementadas con outros engados artesanís e agrícolas da comarca.

Son estes motivos máis que suficientes para que todos os municipios que formamos parte da comunidade ullá, sigamos a dar pasos na profesionalización do seu sector vitivinícola e na divulgación das súas excelencias gastronómicas.

Animo, pois, a todos os amantes do viño e da cultura desta marabillosa terra a que se acheguen á parroquia de San Miguel de Sarandón para gozar desta Exaltación e poñer en valor un dos seus produtos máis representativos. Abofé que repetirán en vindeiros anos!

Saúda da Alcaldesa de Teo, Lucía Calvo

LUCÍA CALVO DE LA UZ, ALCALDESA DE TEO

A comarca da Ribeira do Ulla destaca pola súa riqueza patrimonial, natural, etnográfica e arquitectónica, pero tamén polo seu potencial vitivinícola. Aquí, gozamos dunha produción integrada na denominación de orixe Rías Baixas, unha das cinco DO galegas, cada unha delas co seu prestixio e o seu sinal de identidade pero todas baixo o paraguas de Galicia Calidade.

Precisamente, en Teo compartimos vínculo co concello veciño de Vedra. Xunto con outros municipios, conformamos unha subzona que se caracteriza por ser a única que abarca territorios da provincia da Coruña e que non está próxima á costa. Unha característica que fai que os nosos viños teñan sabores frescos, aromáticos e con recendos florais, e que gusten tanto. Uns caldos que están recollendo importantes premios nos certames máis destacados do sector, demostrando a capacidade de adaptación dos produtores locais ás novas demandas.



Polo tanto, é de mención recoñecer que a nosa comarca destaca polos seus viños, converténdose -en parte grazas a esta festa- nun enclave turístico máis que destacado no sector vinícola. Temos boa fama e iso é froito do traballo, a dedicación e o esmero dos nosos produtores.

Así que só me queda, como alcaldesa de Teo, desexarvos unha feliz XLIV edición da Exaltación do Viño da Ulla. Unha cita ineludible no municipio de Vedra da que todos os teenses nos sentimos orgullosos e da que nos gusta participar.



TEO

todo por descubrir

Experiencias turísticas sostibles ao longo do ano

2026

Descubre a campaña completa

**Saúda da Alcaldesa de Silleda,
Paula Fernández**

PAULA FERNÁNDEZ PENA, ALCAL-
DESA DE SILLEDA

A Exaltación do Viño da Ulla celebra neste 2026 a súa 44ª edición, consolidada como unha das grandes citas co noso patrimonio vitivinícola e como punto de encontro imprescindible para os concellos da Subzona Ribeira do Ulla da D.O. Rías Baixas. O compromiso, a ilusión e o traballo constante da veciñanza de San Miguel de Sarandón, en Vedra, fan posible cada ano unha celebración que medra sen perder a súa esencia.

Esta festa é o moito máis ca unha cita festiva: é un recoñecemento ao saber facer transmitido de xeración en xeración, unha homenaxe ás nosas tradicións e unha mostra da excelencia e personalidade dos viños da Ulla. Ao mesmo tempo, constitúe unha oportunidade para seguir impulsando o enoturismo e poñer en valor a riqueza paisaxística e cultural da nosa contorna.

Silleda, como Concello integrante da Subzona Ribeira do Ulla, continúa a ter na parroquia de Cira un dos seus referentes vitivinícolas. Nun territorio privilexiado pola confluencia dos ríos Ulla e Deza, o cultivo do Albariño representa non só unha actividade económica estratéxica, senón tamén unha forma de entender e coidar a terra, combinando tradición, innovación e sustentabilidade.



Detrás de cada colleita hai o esforzo e a dedicación dos nosos viticultores e viticultoras, que afrontan novos retos marcados polo cambio climático, pola necesaria modernización do sector e pola importancia de garantir o relevo xeracional. O seu traballo diario é fundamental para manter o prestixio e a calidade que distinguen os viños da Ribeira do Ulla dentro da denominación Rías Baixas.

Esta celebración serve tamén para fortalecer os lazos entre os concellos que compartimos territorio, identidade e cultura do viño, sumando esforzos na promoción dun produto que nos define e que contribúe ao dinamismo económico e turístico das nosas vilas.

Como alcaldesa de Silleda, e en nome de toda a veciñanza, quero expresar o meu recoñecemento á comisión organizadora, ás adegas e ás persoas que fan posible esta festa, así como felicitar á Exaltación do Viño da Ulla por seguir medrando e proxectando con orgullo o distintivo Rías Baixas.

Saúda do Alcalde de Vila de Cruces, Luís Taboada

LUÍS CELSO TABOADA SÁNCHEZ,
ALCALDE DE VILA DE CRUCES

O Viño da Ulla fala de nós. Fala da nosa terra, do noso río, do traballo paciente das mans que coidan cada viña e da ilusión que medra cada ano coa chegada da vendima. Nace da terra que cultivamos con esforzo e respecto, medra ao abeiro do noso río e convértese nun motivo de orgullo compartido e nun símbolo de amizade entre concellos e xentes da ribeira do Ulla.

Cada vendima leva detrás meses de dedicación silenciosa; cada botella guarda

o carácter da nosa paisaxe, a harmonía entre tradición e innovación e a capacidade de transformar o que a terra nos ofrece nun produto que nos representa dentro e fóra de Galicia.

Vila de Cruces, como parte desta contorna privilexiada que medra arredor do Ulla, comparte con orgullo o legado desta festa, que une concellos irmáns e proxecta a riqueza dun territorio que ten no viño un dos seus mellores embaixadores.

Brindemos polo valor do rural, que segue a ser motor da nosa identidade e do noso futuro!



MAR DE FRADES
VIÑEDOS ATLÁNTICOS

Somos atlánticos. Sabemos que las cosas nunca salen como se planean. Y es mejor así. La vida se vuelve más divertida cuando disfrutas de cada momento tal y como viene, siendo auténticamente tú, dejándote llevar por lo inesperado y descubriendo que lo imprevisible puede ser maravilloso.



WELT EN AZUL

WINEinMODERATION

Saúda do Alcalde de Padrón, Anxo Arca, pola XLIV Exaltación do Viño da Ulla

ANXO R. ARCA, ALCALDE DE PADRÓN

Queridos veciños, veciñas e visitantes:

É para min unha gran satisfacción poder dirixirme a todos vós con motivo dunha nova edición da Festa do Viño da Ulla, unha cita sinalada no calendario da nosa comarca que cada ano medra en participación e prestixio. Desde o Concello de Padrón queremos trasladar o noso afecto e recoñecemento ao pobo de Vedra por manter viva esta celebración que pon en valor o traballo da terra e a excelencia dos seus viños.

Padrón e Vedra compartimos moito máis ca unha proximidade xeográfica. Únenos o río Ulla, auténtica columna vertebral do noso territorio, que modela a paisaxe, fertiliza as nosas leiras e imprímelle carácter aos nosos viñedos. Únenos tamén a pertenza á mesma subzona Ribeira do Ulla da Denominación de Orixe Rías Baixas, un selo de calidade que recoñece o saber facer e a identidade propia dos

nosos viños. O albariño e outras variedades cultivadas con esmero son hoxe embaixadores dunha terra que sabe combinar tradición e innovación.

Esta festa é, ante todo, unha homenaxe ás mulleres e homes que coidan as viñas durante todo o ano. Viticultores, adegueiros, técnicos e profesionais do sector representan unha cadea de valor que sostén parte fundamental da nosa economía e da nosa cultura. Grazas ao seu compromiso, o viño da Ulla continúa abrindo camiños en mercados cada vez máis esixentes, levando o nome da nosa comarca máis alá das nosas fronteiras.

Mais se algo define os nosos concellos é tamén a riqueza do noso patrimonio natural e cultural, do que a camelia é un dos seus máximos expoñentes. Esta flor, que cada ano reúne en Padrón e en Vedra a centos de persoas arredor das súas exposicións, simboliza a identidade compartida dun territorio que soubo converter a natureza nun sinal distintivo. En 2025,



coincidindo coa Exposición da Camelia e do Bonsái de Padrón, formalizamos o irmandamento entre os nosos dous concellos, fortalecendo os lazos culturais e naturais que nos unen.

Do mesmo xeito, a iniciativa Goza do Ulla é un magnífico exemplo desta visión común: unha proposta que convida a descubrir o patrimonio natural e histórico das ribeiras do río, convertendo o territorio nun espazo de experiencias sostíbeis e de calidade.

A Festa do Viño da Ulla é tamén un punto de encontro

interxeracional. Aquí conflúen tradición e futuro: a memoria das vendimas de outrora e a mirada innovadora das novas xeracións que apostan pola modernización, pola investigación e pola excelencia. Cada copa que se ergue nestes días simboliza esa continuidade, esa confianza nun sector que soubo adaptarse aos tempos sen renunciar ás súas raíces.

Nun contexto no que o rural precisa oportunidades e visibilidade, celebracións coma esta teñen un valor incalculable. Non só dinamizan a econo-

mía local, senón que fortalecen o sentimento de pertenza e proxectan unha imaxe positiva da nosa comarca.

Convido a todas e todos a participar activamente nesta festa: a degustar os viños, a compartir mesa e conversa, a disfrutar das actividades culturais e a brindar polo futuro do noso territorio. Que esta edición sexa, unha vez máis, exemplo de orgullo e alegría compartida arredor dun produto que nos identifica e nos une.

Ergamos a copa polo Ulla, por Vedra e por Padrón.

CASA BEATNIK


HOTEL + SPA + BODEGA + RESTAURANTE



Casa Beatnik ofrece a sus clientes casi tres hectáreas de lujo bohemio hecho a medida, retiros de bienestar y hostelería inspirada, con dos restaurantes y dos bares de coctelería abiertos al público.

Datos das adegas e viticultores na Ribeira do Ulla

RIBEIRA DO ULLA				
Ano	Adegas	Viticultores	Hectáreas	Colleita (kilos)
2000	1	24	42,3	93.606
2001	3	37	46,2	335.461
2002	4	49	50,5	186.505
2003	4	53	53,2	231.930
2004	4	58	58,4	356.830
2005	4	71	78,2	394.438
2006	4	75	96,5	542.587
2007	4	81	114,6	455.057
2008	4	93	125,3	582.997
2009	4	95	133,1	556.434
2010	5	103	143,8	1.072.899
2011	5	108	158,3	1.441.773
2012	6	116	164,5	690.323
2013	6	110	164	1.217.077
2014	6	99	162,1	781.427
2015	6	102	168	1.160.856
2016	6	94	167,9	1.159.138
2017	7	92	177,3	1.310.548
2018	7	92	184,8	1.554.177
2019	7	92	189,7	1.490.435
2020	8	90	194,2	1.490.434
2021	9	91	224,1	2.058.995
2022	11	92	292,9	1.906.649
2023	11	95	338,67	2.697.133
2024	12	96	383,83	2.677.579
2025	12	94	437,69	3.437.406



Porco Celta
100% GALEGA | 100% SOSTIBLE | 100% RURAL
100% TRADICIÓN | 100% NOSA

COÑECES A RAZA PORCO CELTA?

A raza **Porco Celta** era a raza máis importante de Galicia ata comezos do século XX. Agrupa animais de gran tamaño, moi adaptados a súa explotación en réxime extensivo. Atópanse exemplares da raza en todo o territorio galego. Caracterízase pola súa gran rusticidade perfectamente adaptada ao medio no que se desenvolve, pastando e alimentándose de recursos naturais estacionais com landras, castañas e brotes vexetais dos extensos e ricos bosques autóctonos galegos. Tódolos produtos derivados desta raza autóctona galega saen ao mercado identificados co logotipo 100% Raza Autóctona Porco Celta. Este logotipo é un selo oficial único, diferenciado e recoñecible, identificador dos produtos procedentes de animais de razas autóctonas españolas, que ofrece aos consumidores as garantías de orixe dos produtos que consumen.



go Rent Galicia

Alquiler de vehículos corporativo y vacacional

www.gorentgalicia.com - Tel: 663 626 103

Xornadas Técnicas sobre a Cultura do Viño

As Xornadas Técnicas sobre a Cultura do Viño xorden baixo a idea de crear espazos adicados á formación dos viticultores da zona, coa finalidade de mellorar e estimular producións de calidade, así como divulgar novos coñecementos entre os consumidores/as, mergullándoos na cultura do viño.

Os obxectivos destas xornadas son:

- Promover un espazo de encontro, divulgación e formación para os consumidores e para os viticultores da zona.
- Poñer en valor a cultura do viño como produto de calidade.
- Promocionar os viños da Subzona Ribeira do Ulla.
- Fomentar o desenvolvemento científico e técnico do territorio.



XORNADAS TÉCNICAS SOBRE A CULTURA DO VIÑO

XLIV EXALTACIÓN DO VIÑO DA ULLA - 2026
Casa da Cultura de San Miguel de Sarandón - Vedra

Mércores 8 de abril ás 20:00 h.:

Conferencia:
"Oportunidades de aplicación da dixitalización e automatización na viticultura e adegas da Ribeira do Ulla"

Intervén: **Miguel Tubío Fernández**
Director Técnico do Grupo Martín Códax

Xoves 9 de abril ás 17:00 h.:

Saída de campo: Visita á adegas Pazo de Rubianes. Coñecemento do seu proxecto vitivinícola e enoturístico (Adegas "Boutique").

Venres 10 de abril ás 20:00 h.:

Harmonía: viño e tapas
Cata sorpresa, con maridaxe de viños e conservas de pescados e mariscos de ANFACO-CYTMA.

Intervén: **Nacho Costoya**
(Sumiller)

Acto de clausura e entrega de diplomas ás persoas asistentes.

Xornadas gratuítas
Coa inscrición deberá realizarse un depósito de 5€ que será devolto a quen asista ás tres xornadas.

Visita á adegas e adegas de produción de viño en San Miguel de Sarandón - concello de Vedra gal - 981 814 691 - 619 309 958 - Prazas limitadas



G CARPINTERÍA
GONZÁLEZ

Ruta moteira e de coches antigos polos viñedos da Ribeira do Ulla, o 11 e o 12 de abril

XLIV EXALTACIÓN DO VIÑO DA ULLA

IVRUTA MOTEIRA

POLOS VIÑEDOS DA RIBEIRA DO ULLA

VIÑADO
11 ABRIL 2026

Punto de encontro:
Campo da Festa de San Miguel de Sarandón Vedra ás 16:00 h.

Visita a unha adega cata - degustación

Inscripción previa 10€/persoa

Prazas limitadas



659 320 456 - 670 445 955 INSCRIPCIÓN POR WHATSAPP



XLIV EXALTACIÓN DO VIÑO DA ULLA

IVRUTA DE COCHES ANTIGOS

POLOS VIÑEDOS DA RIBEIRA DO ULLA

DOMINGO
12 ABRIL 2026

Punto de encontro:
Campo da Festa de San Miguel de Sarandón Vedra ás 11:00 h.

Inscripción previa 40€/persoa, que inclúe:

- Cataviños conmemorativo
- Visita a dúas adegas con cata-degustación
- Comida en recinto pechado no campo da festa

Prazas limitadas



rod@ulla.com. Información no 659 617 631 por WhatsApp



Grupo Ulla
grupoulla.es

TEMOS UNHA SOLUCIÓN PARA CADA CLIENTE
Tel. 981 512 026 - Tel. Pedidos 628 378 806
puenteulla@grupoulla.es

Ulla Oil **Ponte Ulla**
ESTACIÓN DE SERVIZO

RodOil
E. SERVIZO

Transoil Ulla
CISTERNAS

Ulla Cargo

Ullauto

Super Ulla
Carrefour

o forno da ULLA

XLIV
EXALTACIÓN
DO VIÑO
DA ULLA

CASA DA CULTURA
DE SAN MIGUEL DE SARANDÓN

CATAS

COMENTADAS

SÁBADO 11 DE ABRIL 2026

Dirixidas polas **adegas participantes**, coa intervención de
Charly Torres
(Docente do CIFP Compostela, da especialidade de servizos á restauración)

18:00H.

MAR DE ENVERO	GÓMEZ E RIAL	MARECASTE	CHOUZAL
---------------	--------------	-----------	---------

19:00H.

CASA DO SOL	ADEGA VALDÉS	BARALLOBRE	ADEGA CHAOS	LIXELES
-------------	--------------	------------	-------------	---------

20:15H.

ADEGA MARÍA MANUELA	CASTRO BREY	LAGAR DE BENDAÑA	PAZO ARRETÉN
---------------------	-------------	------------------	--------------

TÚNEL DO VIÑO

DOMINGO 12 DE ABRIL 2026

DE 11:30 A 13:00H.

Coa participación de:
ADEGA MARÍA MANUELA - CASTRO BREY - LAGAR DE BENDAÑA - PAZO ARRETÉN - CASA DO SOL - CHOUZAL
ADEGA VALDÉS - BARALLOBRE - ADEGA CHAOS - LIXELES - MAR DE ENVERO - GÓMEZ E RIAL - MARECASTE

Mais información e inscricións: www.festadovinodaulia.com - 981 814 691 - Prazas limitadas - Actividade gratuíta



Rúa Oliveira, 99, A
Pol. Ind. Novo Milladoiro (Ames) - 15895



Florida
Hamburgueseria

Avda. Fernando Conde nº33 Bajo
986 57 02 64
A ESTRADA (Pontevedra)

Programación da XLIV Exaltación do Viño da Ulla

Volve neste 2026 a Exaltación do Viño da Ulla para a promoción e difusión do viño da D.O. Rías Baixas da Subzona Ribeira do Ulla, único territorio que está amparado por unha Denominación de Orixe de viños en toda a Provincia da Coruña.

Como cada ano, traemos un variado programa de activi-

dades de tódalas índoles, para promocionar os Viños D.O. Rías Baixas da Subzona Ribeira do Ulla, non só como recurso gastronómico, senón como un vehículo de riqueza cultural.

Comezaremos os días 8, 9 e 10 de abril coas “Xornadas Técnicas sobre a cultura do viño”, un espazo dedicados á forma-

ción dos viticultores da zona para mellorar e estimular producións de calidade, así como divulgar novos coñecementos entre os consumidores/as, mergullándoos na cultura do viño.

A continuación terá lugar a “Mostra dos Viños da D.O. Rías Baixas - Subzona Ribeira do Ulla” que engloba tamén 3 im-

portantes actuacións:

A.- Cata-Concurso dos viños Rías Baixas Albariño da Subzona Ribeira do Ulla que terá lugar a mañá do sábado 11 de abril. Onde un xurado profesional avalía a calidade dos viños e outorga os premios aos 3 mellores viños do ano.

B.- Actividades complementarias de enoturismo para a descuberta do territorio: unha ruta de coches antigos polos viñedos da Ribeira do Ulla, que se levará a cabo o domingo 12 de abril coa visita ás Adegas Lixeles e Marecaste, e unha ruta moteira polos viñedos da Ribeira do Ulla, o sábado 11 de abril coa visita á Adega Chaos.



Limpiezas

C & C

Síguenos en 

Loxística
TRANSPORTES LIMPIO
Sarandón - Vedra



FITOSANITARIOS - ABONOS E SEMENTES - PENSOS E CEREAIS
HÍPICA - MATERIAL DE BODEGA E VENDIMA
XARDÍN, AVES

Tenda: Vilar, 12 Lestedo - Boqueixón - 981 814 628 Almacén: San Miguel de Sarandón - Vedra - 981 502 348



C.- Mostra dos Viños, os días 11 e 12 de abril, situada no recinto do campo de festa dentro dunha gran carpa. Cada unha das adegas participantes contará cun stand-espazo de promoción, onde poderá realizar a mostra degustación dos viños embotellados da Subzona Ribeira do Ulla.

D.- Catas Comentadas de cada unha das adegas participantes, dirixidas polos propios adegoiros en grupos reducidos, que este ano repetimos

tras o enorme éxito alcanzado o ano pasado.

E.- Mostra do turismo e da artesanía alimentaria dos Concellos da Ribeira do Ulla, con degustación dos produtos gastronómicos típicos de cada un deles.

As adegas participantes este ano son PAZO ARRETÉN, GÓMEZ E RIAL, MAR DE ENVERO, LIXELES, BARALLOBRE, ADEGA VALDÉS, CASA DO SOL, CASTRO BREY, ADE-



GA MARÍA MANUELA, LAGAR DE BENDAÑA, ADEGA CHAOS, CHOUZAL e MARECASTE.

Ó longo destes 2 días de Mostra desenvolverase un amplo programa de actividades como lectura do pregón, entrega de premios, nomeamento dos novos membros da “Orde dos Amigos/as do Viño da Ulla” a diversas personalidades do ámbito político e cultura do momento.

No apartado das actuación musicais contaremos coas

actuacións de baile e música tradicional de distintas Asociacións Culturais da Zona da Ribeira do Ulla, así como a participación dos grupos máis relevantes no seu eido, tanto moderno como tradicional.

A Comisión organizadora desexa que este 2026 poidamos volver a desfrutar dunha boa festa, na que pasar un bo tempo entre veciños coa compañía do mellor viño, polo que traballamos a reo para alcanzar os obxectivos propostos.


As adegas participantes:

- PAZO ARRETÉN
- GÓMEZ E RIAL
- MAR DE ENVERO
- LIXELES
- BARALLOBRE
- ADEGA VALDÉS
- CASA DO SOL
- CASTRO BREY
- ADEGA MARÍA MANUELA
- LAGAR DE BENDAÑA
- ADEGA CHAOS.
- MARECASTE
- CHOUZAL

XLIV
EXALTACIÓN
DO VIÑO DA
ULLA

LA VIUDA DE PARADA Y ALVELA
×
COAS MANS NA TERRA DESDE 1964
Desfruta dos nosos produtos de tempada, sempre á man en www.viparal.es

NOVENTA & OITO
Café-Bar
San Gregorio nº13
San Mamede - Vedra

JAVI MOTOR
VENDA - REPARACION
DE TODO TIPO DE MOTOCICLETAS

San Miguel de Sarandón - Vedra
Telf.: 981 50 30 11 - 620 30 25 90


311 GIN
ELABORADA EN GALICIA



XLIV EXALTACIÓN DO VIÑO DA ULLA

11 E 12 ABRIL 2026

SAN MIGUEL DE SARANDÓN - VEDRA

SÁBADO 11 DE ABRIL

Pazo Vista Alegre (Ponte Ulla) **12:00 h.**

VIII CATA CONCURSO DOS VIÑOS RÍAS BAIXAS - ALBARIÑO DA RIBEIRA DO ULLA Aberta ao público

16:00 h.

RUTA MOTEIRA POLOS VIÑEDOS DA RIBEIRA DO ULLA
(Motoclub Val do Ulla)

Casa da Cultura **18:00-21:15 h.**

CATAS COMENTADAS

Campo da Festa de San Miguel de Sarandón **18:00 h.**

Apertura da **MOSTRA DOS VIÑOS DA D.O. RÍAS BAIXAS - RIBEIRA DO ULLA**

Apertura da **MOSTRA DOS CONCELLOS DA RIBEIRA DO ULLA**

19:00-22:00 h.

HARMONÍA: VIÑO-TAPAS
(Degustación de produtos gastronómicos dos concellos da Ribeira do Ulla)

Viño Tradicional: Música e baile **19:00 h.**

A.C. San Campio (Vedra)
A.C. Rosalía de Castro (Teo)
Escolas de Tequexeteldere (A Estrada)
Pandeireteiras Silandeira (Vedra)
Grupo de baile moderno da A.C. San Campio (Vedra)

Viño Son: 22:00 h.

GIN TONI'S DJ KIKE VARELA

Sesión remember con
DJ GORO

e
**DISCO MOVIL
CHOCOLATE**

DOMINGO 12 DE ABRIL

11:00 h.

RUTA DE COCHES ANTIGOS POLOS VIÑEDOS DA RIBEIRA DO ULLA

Casa da Cultura **11:30-13:00 h.**

TÚNEL DO VIÑO

Campo da Festa de San Miguel de Sarandón **12:00 h.**

Apertura da **MOSTRA DOS VIÑOS DA D.O. RÍAS BAIXAS - RIBEIRA DO ULLA**

Apertura da **MOSTRA DOS CONCELLOS DA RIBEIRA DO ULLA**

12:30-14:30 h.

HARMONÍA: VIÑO-TAPAS
(Degustación de produtos gastronómicos dos concellos da Ribeira do Ulla)

12:30 h.

CONCERTO DA ESCOLA DE MÚSICA DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA DO CONCELLO DE VEDRA

13:15 h.

Saúda do **Alcalde do Concello de Vedra**

PREGÓN a cargo de **José Manuel Merelles Remy**, Director da Axencia de Turismo de Galicia

Nomeamento dos novos membros da **"Orde dos Amigos/as do Viño da Ulla"**

Entrega de premios da **VIII Cata concurso dos viños Rías Baixas-Albariño da Ribeira do Ulla**

14:30 h.

THE MUPPETS (Rock Covers)

16:00 h.

RONDALLA A.C. DE PONTELLAS

17:30 h.

Sesión tardeo **DISCO MOVIL CHOCOLATE**

Viño Son: 19:00 h.

ORQUESTRA PANORAMA

PULPEIROS • ATRACCIÓNs INFANTÍs • AMPLOS APARCADOIROS

www.festadovinodauulla.com



XLIV Exaltación do Viño da Ulla

GDR TERRAS DE COMPOSTELA. WWW.TERRASDECOMPOSTELA.ORG

Hai viños que se lembran polo seu sabor e outros que permanecen pola emoción que transmiten. O viño da Ulla pertence a estes últimos: é encontro, é conversa pausada, é memoria compartida arredor dunha mesa. É o reflexo dun territorio que coida a súa terra e honra o traballo das súas xentes.

Na Ribeira do Ulla, o viño nace do equilibrio entre natureza e saber ancestral. Da fertilidade dos solos, do microclima privilexiado e do esforzo constante de xeracións de viticultores e viticultoras que, ano tras ano, transforman o froito da vide en caldos cheos de identidade, frescura e autenticidade.

Dende o ano 1981, no concello de Vedra, a Festa do Viño da Ulla converteuse nunha sentida homenaxe a este patrimonio colectivo. No ano 2026, coa celebración da súa XLIV edición, esta exaltación reafírmase como

unha das citas gastronómicas máis antigas de Galicia e como un símbolo de orgullo para toda a comarca.

O Grupo de Desenvolvemento Rural Asociación Terras de Compostela considera esta festa unha cita inescusable para os amantes dos viños da D.O. Rías Baixas, pero tamén unha oportunidade para recoñecer o valor humano que hai detrás de cada copa: o traballo ben feito, a constancia, o respecto pola tradición e a aposta pola calidade como camiño de futuro.

A Festa do Viño da Ulla é moito máis ca unha celebración. É un punto de encontro entre pasado e presente, unha xanela aberta ao potencial do noso rural e unha expresión viva da cultura do viño como motor social, económico e emocional do territorio.

Por todo isto, e por todas as persoas que fan posible que esta tradición siga viva, **brindemos polo viño da Ulla, pola súa xente e polo traballo ben feito.**



PANADERIA

VITORIA



SAN MIGUEL DE SARANDON - Telf. 981 503 042
VEDRA

ELISA MOGO SERRANO

abogada

Rúa Fonte de Santo Antonio nº 28, 1º Santiago

ems@icam.es

686 104 007



supermercado carnicería ferretería bazar agasallos
mercería calzado enoloxía fitosanitarios fertilizantes
mat. construcción estanco bar a taberna do ferrador

San Miguel de Sarandón - 15885 VEDRA (A Coruña)
Tlfno. 981 50 23 43
garciasarandonslu@gmail.com
www.centrocomercialgarcia.com



ARALÍ
belleza • cuidados esenciales

Alfredo Brañas 18, 2º izquierda
15701 Santiago de Compostela
Tel: 981 577 402

Cultura e festa desde San Miguel de Sarandón

ASOCIACIÓN CULTURAL SAN CAMPIO

Se por algo se caracteriza a nosa benquerida parroquia, San Miguel de Sarandón, é polo fervor do sentir da festa, a sabedoría da tradición e o afán de aprender para mellorar todas aquelas xuntanzas e quedadas de veciños e achegados. Cada ano, desde a Asociación Cultural San Campio, poñemos empeño en que tanto a

nosa cativada, mocidade e non tan mozos teñan oportunidade de seguir medrando coa nosa cultura, para poder facer así os nosos festexos máis vistosos e referentes na parroquia e a súa contorna. Sendo así a única no Concello en poder ter o privilexio de seguir mantendo viva unha escola de música e baile tradicional para todas as idades, a maiores do resto de actividades que incluímos na

diversidade das propostas.

Tal é a nosa gana de recuperar festas vividas polos nosos maiores que neste 2026 inauguramos o Entroido da Ulla, dando así os primeiros vivas da comarca. Despois de máis de tres décadas, os xeneais da Ulla volveron a cabalgar pola parroquia. Como era de esperar, a nosa veciñanza non defraudou, a pesar das inclemencias do tempo. Como



bos antroideiros, percorremos os camiños e aldeas co noso coro de bonitos, parranda, carrozas, correos e xeneais. Con isto, reafirmamos que, sexa cal sexa o motivo da festa, Sarandón ten vida e faise sentir. Un ano máis, felicitamos e agradecemos aos veciños desta parroquia de San Miguel de Sarandón que ano tras ano están a loitar para que a Festa do Viño

da Ulla siga sendo un símbolo de tradición vitivinícola. Deste xeito, coa súa invitación, faremos a nosa pequena aportación formando parte da carteleira de actuación da festa cos nosos grupos de música e baile.

Sen máis, só queda dicir... VIVA A FESTA DO VIÑO DA ULLA E TODA A XENTE QUE A ADMIRA E RODEA!

lainco
PROTECTING LIFE SINCE 1934

93 586 20 15 | lainco@lainco.es
WWW.LAINCO.COM

Distribuidor oficial:

AGRÍCOLA NEIRA VARELA
Agricolaneiravarela@gmail.com TLF: 629820620

¡Síguenos en @laincoagro! [in](#) [@](#) [t](#) [f](#) [v](#)

PROFILER

Actividad prolongada. Seguro en el periodo de mayor sensibilidad a la enfermedad. Protección completa de racimos y hojas. Producto con acción sistémica y penetrante

EIXO-AGROQ S.L.

Parque Empresarial Milladoiro - Rúa das Hedras 43-A
15895 Milladoiro - AMES
Tel.: 981 54 94 97
Móvil: 639 888 120
e-mail: eixoagro@gmail.com

Eixo Agrog, S.L.
Distribución

Bayer CropScience
Distribuidor

INTERSEMILLAS

ENOVIN
asesoría vinícola

Análisis de Vinos

ASESORAMIENTO BODEGAS-PRODUCTOS ENOLÓGICOS

Ponte Dena, 28 bajo - 36967
DENA - Meaño (Pontevedra)

699 346 054
Manuel Rodiño

AXENTE NA ZONA DA ULLA
GARCÍA GARCÍA CENTRO COMERCIAL
SAN MIGUEL DE SARANDÓN - VEDRA
TELEF. 981 502343
www.centrocomercialgarcia.com

Protección Verde

O viño na Ribeira do Ulla na actualidade: identidade propia dentro de Rías Baixas

A Ribeira do Ulla é hoxe unha das subzonas con maior proxección da **Denominación de Orixe Rías Baixas**. Situada no interior de Galicia, a carón do río Ulla, abrangue concellos das provincias da Coruña e Pontevedra e representa unha combinación equilibrada entre tradición vitivinícola e desenvolvemento recente. Aínda que é a subzona máis nova da denominación, o seu crecemento nos últimos anos foi constante e significativo.

Unha subzona en expansión
Desde a súa incorporación oficial á D.O. Rías Baixas no ano 2000, a Ribeira do Ulla experimentou unha notable evolución. Daquela contaba cunha superficie vitícola moi reducida, pero na actualidade supera as **290 hectáreas de viñado**, cunha produción que en boas colleitas alcanza máis dun millón e medio de quilos de uva. Este crecemento traducíuse tamén nun aumento do número de viticultores e adegas, consolidando un tecido produtivo cada vez máis profesionalizado.

Características do territorio e das variedades
O terroir da Ribeira do Ulla presenta particularidades que influen directamente no perfil dos seus viños. Os viñedos atópanse a maior altitude ca noutras subzonas de Rías Baixas e aséntanse sobre solos maioritariamente graníticos e aluviais. O clima atlántico, con temperaturas moderadas e boa pluviometría, favorece unha maduración lenta da uva, o que se reflicte en viños de boa acidez e gran expresividade aromática.

A variedade predominante é o **albariño**, auténtico sinal de identidade da denominación, aínda que tamén se traballan outras castes brancas autorizadas como a **loureira branca**, a **treixadura** ou o **caíño branco**. En menor medida, mantéñense plantacións de variedades tintas autóctonas, principalmente para consumo local ou elaboracións moi limitadas.

Perfil dos viños
Os viños da Ribeira do Ulla caracterízanse pola súa **frescu-**

ra, equilibrio e perfil aromático limpo, con presenza de froitas brancas e cítricas, notas florais e unha marcada sensación de mineralidade. A acidez ben integrada convérteos en viños versátiles, aptos tanto para o consumo novo como para certas crianzas sobre lías, unha práctica cada vez máis explorada polas adegas da zona.

Cultura, festas e enoturismo
O viño segue a ter un papel central na vida social e cultural da comarca. A **Exaltación do**

Viño da Ulla, celebrada anualmente no concello de Vedra, é un dos principais escaparates dos viños da subzona e un punto de encontro entre produtores e consumidores. Ademais, nos últimos anos aumentaron as iniciativas relacionadas co enoturismo, como catas comentadas, visitas a adegas e actividades divulgativas, que contribúen a dar visibilidade á Ribeira do Ulla dentro e fóra de Galicia.

Retos e futuro
A pesar do seu crecemento, a Ribeira do Ulla continúa a ser menos coñecida que outras subzonas históricas de Rías Baixas. Entre os seus principais retos están a consolidación dunha identidade propia no mercado, a adaptación ao cambio climático e o relevo xeracional no sector vitivinícola. Con todo, a aposta pola calidade, a recuperación de tradicións e o interese crecente polo viño de proximidade sitúan a subzona nun momento especialmente favorable para o seu desenvolvemento futuro.





BRICOSA
BRICOSA SANTIAGO S.L.



•MIMELA•



PICO SACRO
Cooperativa Leiteira Pico Sacro, s.c.l.

Lestedo - Telefax 981 50 32 75
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)

O orgullo de ser da Ulla

VÍCTOR FURELOS, XEFE DE SECCIÓN DE EL CORREO GALLEGO

A actuación do portorriqueño Bud Bunny no entretempo da final da Superbowl foi toda unha homenaxe ó mundo latino. Foi unha demostración de que a integración dos emigrantes non só é posible senón que enriquece a unha terra. E fíxoo amosando unha chea de símbolos que foron desde o traballo nunha plantación, a actividade dos hispanos na sociedade estadounidense, a adaptación dunha canción americana que Lady Gaga convertiu na salsa máis caribeña... e todo feito desde a serenidade e fuxindo do odio.

Ben sabemos en Vedra o que é traballar lonxe da terra sen pelexar con ninguén. Moitos veciños cruzaron o charco e foron quen de adaptarse ó mundo arxentino. Hoxendía a Sociedade Parroquial de Vedra é toda unha referencia cultural e de ocio na capital porteña. Axuda a que bonaerenses e galegos vaian da man e amosan os seus costumes con esa procesión da Virxe dos

Dores, o son das gaitas ou algunha que outra muiñeira sen esquecer como o churrasco e o cocido poden ser irmáns.

O noso cantante podería chamarse Balbino, na honra do protagonista de ‘Memorias dun neno labrego’ no que Neira Vilas, por certo, nacido nunha parroquia incluída na subzona Ribeira do Ulla, falaba de Sarandón. O cultivo non sería de caña de sucre porque na Ulla hai moito donde escoller, desde os pementos de Herbón, que só se dan na parroquia padronesa, e que como se sabe uns pican e outros non, ou unha chea de verduras que se cultivan no val como patacas, pementos, tomates, xudías... e, como non, as vides.

No sitio das torres de electricidade que simbolizaban as eivas enerxéticas que padece Porto Rico ben podería instalarse a imaxe daqueles cinco valentes que roubándolle unha infinidade de horas ás súas familias se dedicaron a recoller firmas, elaborar cartografías, enfrontarse a innumerables papeladas e sufrir moitos máis inconvintes incluí-



das as críticas desapiadadas desde dentro do propio sector, con algunha que outra ameaza velada e non tan velada. E todo para integrarse na Denominación de Orixe Rías Baixas.

Nese hipotético concerto do noso Balbino poderían aparecer algúns furanchos ou unha chea de personaxes da nosa terra servindo unha taza de viño, que ben podería ser na de Andrés, ou

protagonizando algunha partida de cartas para dar paso á riqueza tanto gastronómica como cultural da nosa terra.

Os retos que se presentan son apaixonantes. O val do río Ulla



CONSTRUCCIONES
SARANDÓN , S.L.

Tel: 670445955

conta cunha infinidade de atractivos que axudarán a convertelo nun destino turístico de alto nivel. Por unha banda dispón de monumentos relixiosos como o convento de Herbón, polo que pasaron a recibir ensinanza todos os Franciscanos de España e moitos de Sudamérica; a colexiata de Iria Flavia, en cuxo cemiterio está enterrado o Premio Nobel de Literatura Camilo José Cela; ou numerosas igrexas e capelas que salpican as súas parroquias como a de Santa Baia de Vedra. Non finalizan aí os monumentos situados na denominada subzona Ribeira do Ulla da denominación de orixe Rías Baixas. Son moitos os pazos señoriais de renome situados na zona. O pazo de Oca, chamado o Versailles galego e que actualmente pertence aos duques de Medinaceli, conta cun precioso estanque e uns xardíns con varias especies incluídas no catálogo de Árbores Senlleiras de Galicia. E que dicir do pazo de Ortigueira, en Santa Cruz de Ribadulla, cun paseo formado por oliveiras no que ata o cantante Alejandro Sanz gravou un videoclip ou a abundancia de distintas especies de camelias, das que exportan máis de 100.000 plantas ao ano e das que posúen mesmo unha

variedade que leva o seu nome, *Camellia japonica* 'Ortigueira'. Outros pazos dedícanse precisamente ao viño como o padroñés Pazo de Arretén ou o veciño pazo de Ximonde, mentres que outros como o pazo Vista Alegre transformouse nun establecemento de hostalería.

Temos viño e monumentos. Podemos presumir tamén de paisaxes co Pico Sacro que se eleva vixiante e que protagoniza mil e unha lendas sendo a máis destacada a da Raíña Lupa, que segundo o 'Códice Calixtino' enviou a este monte aos discípulos do Apóstolo, Teodoro e Anastasio, para enterrar os restos de Santiago. Pero todo era unha trampa para desfacerse deles. Ao chegar á cima atoparon a un dragón ao que venceron por intercesión divina e a uns enfurecidos bois aos que amansaron só coa súa presenza. Tras este suceso conta a lenda que a Raíña Lupa converteuse ao cristianismo xunto con todos os seus vasallos. E se desde o Pico Sacro pódese ver Santiago e case tocar a natureza, no río Pereiro gózase coa música que emiten as súas ferverzas e uns roteiros de sendeirismo que se fan extensivas a toda a comarca xa que un programa conxunto de ata dezanove concellos puxo

en marcha o denominado Goza do Ulla con roteiros de todo tipo para gozar do leito fluvial. Como tamén se pode considerar sendeirismo o Camiño de Santiago que cruza os viñedos da ribeira do Ulla, por onde pasan a Vía da Prata, o Camiño de Inverno e o Camiño Ribeiro Miñoto.

Xa temos viño, monumentos, paisaxe e natureza. Pero quen manda é o río, que ofrece algúns pasos dignos de destacar como a obra de enxeñería que supuxo na actualidade a ponte de Gundián, con varios premios destacados, ou a construción da ponte romana de Ponte Ledesma onde os aldeáns se enfrontaron ás tropas de Napoleón (e gañaron) ou a ponte de Ximonde que dá un gran servizo unindo dúas provincias ou a coñecida ponte colgante do Xirimbaio.

E como bo río que se prece, o Ulla tamén ofrece posibilidades para practicar deporte como piragüismo ou rafting e máis recentemente o running pola beira do río ou entre viñedos. Ao que se suma loxicamente a pesca, con algúns dos cotos salmoneiros máis importantes de Galicia. Porque a riqueza do río Ulla vai máis aló da auga e as súas paisaxes. A pesca do salmón é un dos grandes alicientes xunto con

outra especie máis descoñecida, a lamprea, precisamente agora en tempada. Na desembocadura do río captúrase ben desde barca ou cunhas construcións milenarias chamadas pesqueiras e axudados por unhas redes moi especiais. Aínda que é unha mágoa que tanto unha especie como outra estén en clara recesión pola escaseza nas capturas.

Xa temos viño, monumentos, paisaxes, natureza, gastronomía... Unha terra, por certo, abundosa de festas. O Patio, San Campio, as Dores de Vedra, Gundián... alumeadas polo arte das luminarias ou os monifates de Penide ou dun Juan Gaiteiro que xa levaba no seu sangue a pirotecnia antes de nacer e salpicadas polas batas azuis dos irmáns Juan e José Guerra que saben moi ben como encher o bandullo da xente con un polbo para chupar os dedos. E por suposto nas que están presentes a música e os bailes tradicionais. Porque para acompañar unha sobremesa nada mellor que unha boa música cos requinteiros que recuperaron un instrumento que semella moito á frauta traveseira que estaba a piques de desaparecer ou os compases dunha banda de música centenaria como a de Santa Cruz de Ribadulla.

E xa como colofón, e nas datas en que estamos, pódese gozar do espectáculo que en cada Entroido ofrecen os xenerais do Ulla, que teñen a súa orixe na loita contra a invasión francesa no século XIX.

Xa temos viño, monumentos, paisaxes, natureza, gastronomía e cultura. E agora que? Agora o máis difícil. Ensablalo todo para que sexa unha única peza que presuma da marca do Ulla e poida ser un atractivo enoturístico o suficientemente rechamante como para crear empresas, postos de traballo e obrigar a que os mozos queden na súa terra sen necesidade de buscar o seu futuro na cidade ou lonxe do seu querido val. Queda moito traballo por facer, pero paso a paso hai que conseguir estar entre os mellores. Hai que ofrecer experiencias baseadas no turismo enolóxico, unha actividade en auxe que busca axuntar a viaxe e o ocio co viño.

O concerto de Bud Bunny despertou o orgullo de ser latino ou hispano, pero na Ulla tamén temos razóns de máis para presumir e amosarnos fachendosos do noso, da nosa terra, dos nosos monumentos, das nosas paisaxes, da nosa natureza, da nosa gastronomía, da nosa cultura e, como non, do noso viño.

TERRITORIO AGUARDIENTES



AGUARDIENTES DE GALICIA



O ENTROIDO en SARANDÓN

ANTONIO VÁZQUEZ TURNES

Eran os primeiros días de decembro de 2025, unha mensaxe da Asociación Cultural “San Campio” fai estalar os teléfonos, centos de olladas pampas, os corazóns acelerados, o alento a saloucos e a incredulidade mesturábase ca ansia e necesidade de que fose certo. Cadaquén gardou como puido a emoción dese intre, co medo a ser enganado pola intelixencia artificial, pero non hai cancelas que pechen a ledicia dun pobo cando recibe a nova de:

“O ENTROIDO VOLVE A S. MIGUEL DE SARANDÓN”

Desde fondo do río Ulla foi medrando o balbordo nas casas, o rexoubeo, de primeiras baixinho nos camiños, ata asolagar de barullo veigas, eiras e tabernas, coma cando a brétema no outono converte o val nun manto de algodón. A tódolos lugares chegou, coma a estrela de Belén, a boa nova co anuncio e a convidada, da Asociación “S. Campio”, a participar das “Máscaras” porque despois de máis de 30 anos: “O Entroido volve a S. Miguel Sarandón”.

Nas familias volveron a contar, para as crianzas e para si mesmas, historias do “coro de bonitos”, dos chistes, das bromas, do “coro de vellos”, das parellas de noivos e noivas, dos “Vivas!” e dos “Atranques”. As cociñas foron lugar de encontro de netas e netos atentos ás lembranzas de avoas e avós que remexían no baul da memoria e nos álbums de fotos para agasallar con imaxes, palabras e afecto o patrimonio cultural familiar e da parroquia.

Ningún armario, nin faiado quedou sen revolver na procura de vestidos, traxes, chapéus para completar disfraces e uniformes das persoaxes máis importantes. Toda a parroquia voltou a ferver. Nos cubertos facíanse carrozas, na Casa Cultural ensaiaban cantigas e pasos de baile. Ao tempo que se cantaban panxoliñas íanse declamando “os atranques” e houbo quen fixo do Neno Xesús un “Xeneral”. Nun traballo intenso de busca, investigación e convencemento na procura de bestas e cabalos percorreuse a bisbarra para ter os mellores.





Orondis[®] Ultra

UN GRAN SALTO
FRENTA AL MILDIO



Excelente
eficacia y
persistencia
a bajas dosis



Protege nuevas
hojas y brotes
al poder
aplicarse en fase
de crecimiento



Doble
tecnología
en su modo
de acción





© 2024 Syngenta. Todos los derechos reservados. TM y © son marcas comerciales del Grupo Syngenta.
Use los productos fitosanitarios de manera segura.
Lea siempre la etiqueta y la información sobre el producto antes de usarlo.



VINERGY[®]

La energía que
tu viña necesita





DISTRIBUIDOR PARA A SUBZONA RIBEIRA DO ULLA :

GARCIA SARANDÓN, S.L.U. - VEDRA

Marcelino Barros

Muros de contención
Cantería
Transporte



615 69 33 46
transmarcelinobarros@gmail.com
Carracedo - Caldas de Reis (Po)



E chegou o 24 de xaneiro, xa se remexera o amoadado, quence-
ran os filloeiros e medraban os
pratos cas filloas. Eran as 11 da
mañan e a comitiva entroidei-
ra concentrábase no Campo da
Festa para iniciar co saúdo do
Pino Manso a viaxe polos cami-
ños da parroquia. Unha a unha
tódalas casas e aldeas recibiron
con ledicia a visita do cortexo
entroideiro e bágoas de emo-
ción correron polas meixelas ó
recibir os “Vivas!!” nas eiras.
Houbo persoas maiores que sai-
ron á porta da casa, ergueron o

bastón a modo de espada e re-
plicaron “Vivas e atranques” ós
“Xenerais”, e botaron cantigas e
bailes cos coros ca forza viva da
experiencia, a ledicia de revivir
a mocidade e o orgullo de saber
que prende a sementeira.
O Entroido é o gran encon-
tro interxeracional entre per-
soas maiores, mozas e cativas.
Cadaquén interpreta a súa per-
soaxe que pode ir variando ó
longo do día.
Como non podía ser doutro
xeito desde a escola da parro-
quia, ca colaboración da mestra

Vanessa e das familias, decidiuse
participar nas “máscaras” cas
nenas e nenos botando man e sa-
cando a pasear os vellos cabalos
e as roupas para formar unha
comitiva de novos “Xenerais”.
Houbo que reparar cabezadas,
amañar gorros, facer bandeiras,
pegar charreteras e curar certas
feridas dos equinos.
Algúns apañamos das lem-
branzas de cando fomos de
xenerais pola parroquia, nos
entroidos do Cra Boqueixón-Ve-
dra, a Gres botarlle o “Atranque
e os Vivas” no derradeiro cum-
preanos de Xose Neira Vilas e
cando participamos na Home-
naxe Nacional ó pai de Balbino
na Cidade da Cultura uns mes-
es despois do seu falecemento.
Eso é parte da historia, pero xa
pasara, tiñámos que atender á
chamada da A.C. S. Campio, os
cabalos e “Xenerais” da escola
debían estar cas veciñas e ve-
ciños que gurraban con tódalas
forzas polo Entroido en Saran-
dón. Despois das tardes de cura
e reparación viñeron os ensaios
nas casas, na escola, aprende-
mos a decir os “Alto!, Vivas !,
e Atranques” e a manexar con
estilo cabalos e espadas.
Chegou a tarde do 24 de xa-
neiro, polo patio da escola cru-
zou unha ringleira de xenerais ao
trote cara o Campo da Festa, nun

desfile de cabaleria cheo de cor,
diante dun público que recibeu
con sorpresa e aplauso ó mellor
exército do mundo. Colocados en
formación de batalla dialéctica
e dado o “Alto!”, os “Xenerais”:
Lois, Roi, Eírian, Íria, Mael, Lu-
cía, Nerea e Antonio iniciaron o
combate incruento ca declama-
ción deste “Atranque”:

1ª. *Quén é ese que se achega,
co paso tan lixeiro?
Que vaia parando xa,
ou vai perder o sombreiro.*

2ª. *Aparta ti de diante,
sae do meu camiño,
non estorbes máis,
ou levas no fuciño.*

3ª. *Eu non vou apartar,
pois son un xeneral.
se non apartas tí
valo pasar moi mal.*

4ª. *Mal xa o estou pasando
por verte aí de fronte,
vai para a túa casa,
non te fágas o valente.*

5ª. *Veño de lonxas terras,
vencín en mil batallas,
e a outros coma tí
fíxenos cagar nas pallas.*

6ª. *Non abras tanto a boca,
fala con máis tino,*

*ten un pouco de respecto,
que é a terra de Balbino.*

7ª. *Baixemos as espadas,
celebrems a unión
e sexamos amigos
no Entroido de Sarandón.*

8ª. *Xuntémonos nas festas,
coidemos a escola,
vaíamos ó rebusque
e loitemos pola parroquia.*

9ª. *Falemos galego,
coidemos o idioma
nas festas, na casa
e tamén na escola.*

Foi moi fermoso sentir os
aplausos do público, ós que os
“Xenerais” responderon botando
os “Vivas!, ós presentes, ós xene-
rais do Ulla e ó Entroido de Sa-
randón”, mentras ía pechando a
tarde debaixo do Pino Manso.
Xuntos sabemos que “Esto
tamén é escola!” e que a peor es-
cola é a que está pechada.
Desta vez foron os bailes, can-
tos e “atranques” os que rompe-
ron o silencio nas aldeas e berra-
ron ben alto que esta terra resiste,
traballa, fai festa e recupera o
orgullo do Entroido. Do mesmo
xeito que agora convida, no mes-
mo escenario, á Festa do Viño.
Gratidade permanente á Asocia-
ción Cultural “San Campio”.



DECORACIONES CHENLO



- ✓ PINTURAS EN GENERAL
- ✓ PAPELES DECORATIVOS
- ✓ COLOCACIÓN DE PLADUR
- ✓ TECHOS DESMONTABLES
- ✓ TARIMA FLOTANTE
- ✓ LIMPIEZA DE FACHADAS

ÁNGEL CRISTOBAL CHENLO LOBATO
San Miguel de Sarandón, Vedra. // 622 030 401 // decoracioneschenlo@gmail.com




FÁBRICA DE XEO

XEOS DA ULLA

981 503 092 • 618 326 156
S. Miguel de Sarandón, 12
15885 Vedra • Galiza

CAFÉ BAR DERBI



Viños, tapas e racións

Pechado os luns

Teléfono. 618 812 939 - San Miguel de Sarandón

SKOL

CENTRO DEPORTIVO

LESTEDO

ADESTRAMENTOS
FITNESS
PILATES
JUDO
TRX | GAP

Unha descrición de 1778 do arciprestado de Ulla

HENRIQUE NEIRA PEREIRA,
VALDOULLA@YAHOO.ES

O 28 de abril de 1778 o xeógrafo e cartógrafo madrileño Tomás López escribiulle unha carta ó cura de Santo André de Trobe e o seu anexo San Pedro de Sarandón, as dúas parroquias de Vedra, solicitando información sobre as distancias e situación de parroquias do Arciprestado de Ulla.

A carta foi recibida polo sacerdote, Joseph Benito Novio, o 24 de agosto, é dicir case catro meses despois, e respondida por el o 1 de setembro, enviando a carta orixinal, unha explicación, a descrición e mesmo un mapa do arciprestado e da súa contorna debuxado á man. Recentemente foi dixitalizada pola Biblioteca Nacional de Madrid, e por iso podemos coñecer o seu contido, que seguramente empregou o xeógrafo na confección do seu ‘Mapa geográfico del Reyno de Galicia’, datado en 1784.


Aquí imos reproducir o texto da descrición; para facilitar a lectura convertemos as abreviatu-

ras nas palabras completas que representan:

Advertencias sobre el río Ulla, y algunas Parroquias, que baña, y otras

1ª. Corre este río de Oriente â Poniente desde el Puente Ledezma hasta el Cesûres cosa de seis leguas (de tres mil pasos), con algunas inflexiones poco considerables, excepto la que hacer entre Donas, y Castro, en que se ladea sobre la izquierda. Entra al mar por el puente Cesures, subiendo la marea hasta Herbon.

2ª. Su ancho regular es de diez y seis varas castellanas hasta veinte. Se estrecha mucho entre San Miguel de Castro, y San Pedro de Donas, por la parte que esta feligresia confina con la de Santa María Magdalena del Puente Ulla: alli tendrà de ancho quatro ô seis varas, corriendo por entre peñasco cortado como à mano. Mas se estrecha entre los montes de Carcacia y Barcala, muy escarpados, y pedregosos naturalmente. En varios para-





ENTRA E VERÁS!

INNOVA ÓPTICOS
CENTRO AUDITIVO

Avenida Benito Vigo nº35 - A Estrada 986 572 950
www.innovaopticos.es

ÓPTICA
**Nova
visión**



cl Irida 5. A Estrada

Servicio de AUDIOLOGÍA en colaboración con

**CENTRO
AUDITIVO**

Num. Registro: E-36-00295

**HABITA**
inmobiliaria

**helvetia**

**BOS
COMEZOS**

**Hoy.
Mañana.
Siempre.**

 Pl. de Galicia, nº 6, A Estrada (Pontevedra) - ☎ 986 198 948

INSTAIGLESIAS S.L
INSTALACION E MANTEMENTO
FONTANERÍA | CALEFACCIÓN | ELECTRICIDADE



San Mamede de Ribadulla, 13. Vedra
fontaneria.iglesias@hotmail.es
T. 657 844 964 / 658 060 920

ges parece tan estrecho, que se reduce á dos varas, y en verano se puede pasar de un salto por alguna parte.

3ª. Desde el puente Ledezma hasta el Cesúres solo media el de Bea de seis arcos, que separa á Santa María de Couso de San Christobal de Reyes; habiendo para el transito dos barcas, la una llamada de la Ulla y la otra mas abaxo de Sarandon, aunque esta en una punta de San Mamed de Ribadulla, en cuios parages havia antes puentes, un poco mas abaxo, al presente arruinadas.

4ª. Son de poco momento los arroios, que en este terreno caen en el Ulla: solo es como la mitad de el que baja de Cira, y Castro.

5ª. El Puente Bea dista del Cesúres dos leguas cortas: de la Ciudad de Santiago dos largas; de Ledezma á Santiago hai tres; de Santiago al Padron quatro; de la barca de Sarandon á dicha Ciudad dos y media largas, y de la que està arriba en la Madgalena tres, por ser camino tortuoso, y quebrado.

6ª. Esta feligresia de la Magdalena tiene algun terreno á la izquierda del Ulla, confinante con Castro. En dicho terreno

hai una Capilla de Nuestra Señora de Gundian, que pudo ser motivo de la equivocacion, con que se pregunta por Gatian, de que no hai noticia en el parage. Puede ser también seguiresse por Gastrar, feligresia cercana á Villar, Vigo, y Lamas.

7ª. San Pedro de Carcacia tiene una buena poblacion de la otra parte del río, donde hai un famoso santuario de Nuestra Señora de las Mercedes; llamase Vandín dicha poblacion.

8ª. La Parroquia muy estendida de Santa María la Real de Sar, con el Priorato de este nombre, confinante con Arines, Eixo, Cacheiras y Conjo, tiene ademàs mucha parte en los arrabales de Santiago azia al medio dia y Nordeste.

9ª. Por ser tierra muy poblada, no hai montes considerables; el mas nombrado por sus circunstancias, y no por su grandeza, es el de Pico Sacro, en cuja cumbre de difícil acceso hai una torre quadrada de canteria, su altura diez varas por lo menos, y lo mismo sus costados; cerca no al meridional hai una capilla de San Sebastian (antiguamente Monasterio de Benitos); la falda al Nordeste, y Oriente cae azia



O Pico Sacro, aquí visto desde o monte Pedroso compostelán, é o monte máis visible desde das parroquias do arciprestado de Ulla. Foto: Henrique Neira

la Granja, en cuios terminos està situada; al poniente, y algo de Norte cae sobre Lestedo; forma una cordillera de peñascos desde la torre hasta el estrecho del Rio Ulla, de que se dio noticia en la advertencia 2ª. El otro monte el de Lampai, cuias faldas al po-

niente corren desde Padron, por Iria, Cruces, y Calo; al medio día Carcazia, y río Ulla; al oriente Reyes, y Rarís. Por la parte de Santiago sube poco a poco.

10ª. Desde Padron hasta el Puente Cesúres hai calzada de

piedra, larga poco mas de una milla; al Poniente corre el Rio de Santiago, à donde llega la marèa, y es tradicion aportó el sagrado cuerpo del Santo Apostol, cuio nombre tiene tambien su Puente, cercana á la Iglesia del Santo.



**VIVEIROS
GASTRAR**

SEMILLEIRO HORTICOLA

Telf/Fax **981 51 31 03**
Móvil **650420578**
correo@viveirosgastrar.com

www.viveirosgastrar.com www.viveirosgastrar.com www.viveirosgastrar.com www.viveirosgastrar.com



ARINES
OBRAS Y PROYECTOS

Rúa da brúa, 29—Santiago de Compostela

Tel. +34 981596635
Fax. +34 981553434
Email : info@arinessl.com
WEB : www.arinesop.com



PACO
EXCAVACIONES
& SERVICIOS

Tlf: 680 44 90 20



BREIXOS
OBRAS E SERVICIOS.

OBRA NOVA. REFORMAS. REHABILITACIÓN.
RÚA CAMIÑO DA AMEIXAGA 24, BAIXO DEREITA.
15702. SANTIAGO DE COMPOSTELA.
TFNOS: 626 592 323. 662 332 840. www.breixooobras.com

Motoclub Val do Ulla coa Exaltación do Viño da Ulla

ALEJANDRO GUERRERO SECRETARIO DO MOTOCUB VAL DO ULLA

Xa esta de volta! A tan esperada Festa do Viño! Para o Motoclub Val do Ulla unha das

fechas máis esperadas do ano, e como sempre dar as gracias a comisión polo seu gran traballo, e a os participantes por facela tan única!

O Motoclub estará presente

sen dudalo claro, xa que dende a nova directiva traemos sangue nova, pero tamén nos gusta manter as grandes tradicións que nos inculcaron os máis Veteranos! Por eso mesmo, polas

tradicións, esperamos vervos a todos na festa pasando ben e disfrutando como se merece, como unha festa única!!

E dende o Motoclub non fai falta dicir que tamén vos espe-

ramos ver na concentración os días 14, 15 e 16 de agosto para dalo todo!

De ante man, moitas gracias a todos por facer estas festas tan inolvidables e contar con nos!



AGROSTRADA

S.L.

VENTA Y REPARACION DE MAQUINARIA AGRICOLA Y FORESTAL

FERRARI

Husqvarna

BOSQUE&JARDIN

Rapid

Segadoras - Hileradoras

FERRARI

T. 986 57 26 34 - F. 986 57 52 55

Fernando Conde, 15 (Porta do Sol) - 36680 A ESTRADA (Pontevedra)

Apartamento Turístico

en la Ría de Vigo

Meira (Moaña)

LABAHÍA

654154413

Instalacion de placas solares

y cargadores de coches electricos

INSTALACIONES

PORTYVAL S.L.U.

INSTALADORES AUTORIZADOS

CIF: B70579487

portyval@gmail.com

658 67 03 31 - Gonzalo

RUA NEIRA DE ARRIBA Nº 2 - 15885 VEDRA (A CORUÑA)

Desde Buenos Aires

DORA PEGITO QUINTÁS

Xa pasaron 44 anos e Sarandón continúa exitosamente co seu evento anual cultural, grazas a ter boas cepas e xente con ansias de traballar pola súa terra. Os expertos saben que é un lugar especial para viño, augardente e licores, recoñecidos ao longo do tempo polo seu sabor e calidade. A produción foi cambiando pero as súas variedades foron mellorando, grazas á ocupación e dedicación dos seus adegueiros.

San Miguel de Sarandón – Vedra ten aspectos polos que sempre puido lucirse, así son os produtos da súa terra, e ademais tamén temos a veta musical. Anos atrás, cando remataban os seus labores era habitual xuntarse en casas compartindo algunha comida e interpretando melodías. Pasaban as horas e así tamén comezaban a mirarse con agarimo as parellas. Moitos de nós somos fillos deses momentos, matrimonios na súa maioría do mesmo Concello. Vedra caracterizouse por ter un alto nivel de emigración, é por iso



que homes e mulleres tentaron formar as súas familias lonxe de onde naceron. Para moitos volver á súa terra foron anos de espera con pouca comunicación, unha carta cada tres meses ou máis. Para a miña nai volver á súa Cimdevila – Sarandón foi unha espera de 38 anos, tempo no que me ensinou a querer e respetar Vedra. Eses ensinos

tamén chegaron aos seus netos coas conversacións diarias.

Ao longo dos anos compartín moitas vivencias con galegos emigrados, vivían estrañando a súa terra, o idioma, a súa familia e amigos, pero sen queixarse para non entristecer aos seus. Foi unha emigración por necesidade sen saber se podían regresar.

Son unha veciña na distancia, pero cunha proximidade moi especial, grazas á comunicación diaria con familia e amigos. Teño un maior achegamento, pois dende fai uns anos teño dous fillos, nora e dúas netas vivindo en Galicia, lugar das súas raíces. En Buenos Aires mantivemos os lazos participando na Sociedade Parroquial

de Vedra, coas tradicionais reunións semanais. Aos meus anos podo dicir que nas dúas beiras temos un forte e valioso sentido de pertenza.

Nesta oportunidade levanto a miña copa de viño e brindando desexando “ÉXITOS” para este gran día e desexo que todos gocen nunha contorna moi especial.



Lugar de Xián, nº 19
San Pedro de Sarandón
15885 Vedra (A Coruña)
T +34 981 503 154
M +34 630 876 188
jmpena@inteaga.es
www.inteaga.es



*A calidade é
a nosa garantía*

Pescadería 986 57 30 42
Almacén 986 57 13 69
Móbil 659 08 20 96
A ESTRADA (Pontevedra)



A transmisión do saber popular a través do viño

FRANCISCO COLLANTES CAROLLO

A transmisión dos saberes populares abarca todos os coñecementos, as técnicas e as expresións culturais que se traspasan oralmente ou por imitación.

Non digo nada novo cando afirmo que os saberes populares están depositados na cultura das xeracións dos maiores e máis sabios. Por iso é tan im-

portante non perder o paso da información nesta cadea interxeneracional entre pais e fillos, avós e netos e, mesmo, veciños.

Neste intre, penso que é moi importante facer un rexistro dos saberes para manter vivos os coñecementos e que non permanezan esquecidos ou perdidos. Actualmente, temos a sorte de ter abundantes recursos tecnolóxicos que nos permiten

poder gravar, recompilar, arquivar e difundir.

A primeira lección que debemos implementar é aprender, in situ, as técnicas dos nosos avós, aprender sobre tantas e tantas cousas. Por exemplo, a realización de enxertos, o coidado das viñas, o proceso da elaboración do viño e o coidado e a restauración dos útiles da casa e da bodega.

Sen ser fatalista, non podo deixar de admitir que se non recollemos todo este tesouro de saberes, non só se perderá, senón que non poderemos falar del, difundilo e ata quizais reinterpretalo para crear moito máis coñecemento.

A idea sería aproveitar, tamén, que os maiores nos contan historias, lendas, ditos e cantigas para poder ate-

sourar un patrimonio vivo do noso pobo.

A Festa do viño da Ulla non só é unha celebración, xa que todos os días do ano son FESTA DO VIÑO DA ULLA, cando se traballa por manter viva unha comarca vitivinícola e promover un foro vivo de achegas e iniciativas entre os distintos axentes e institucións implicados.



Complexo Residencial
VICTORIA
www.geriatricovictoria.com

complexo residencial
VICTORIA

📍 Cepeda, 4 – Oza – 15883 TEO (A Coruña) ☎ 981 80 74 79

mu.
muebles ulla

¡Vive a tu manera!
mueblesulla.es

Síguenos en: Ctra. Santiago Ourense (17Kms)
Santa Cruz de Ribadulla, 21. Vedra (15885).
A Coruña.

+Suárez

grupomassuarez
 @MasSuarez
www.massuarez.es
info@massuarez.es

Avda Maestro Manuel Gómez, 30
15885 VEDRA (A Coruña)
Tel: 981 50 30 35 - Fax: 981 50 20 56
📞 638 53 29 93

SPL
Servicios Puente Liñares, S.L.

LAGARTÓNS - A ESTRADA Telf.: 986 57 33 00 / spl@estacionspl.com / www.estacionspl.com

BeGatos
cafetería · restaurante · brasería

Carretera A Estrada - Lalín km. 201, 700 Lagartóns
36687 A Estrada, Pontevedra 986 57 36 49

O viño na sabedoría popular: ditos e refráns que saben a terra

O viño é moito máis ca unha bebida. En Galicia —coma noutras terras de fonda tradición vitivinícola— é cultura, encontro, memoria e identidade. Ao redor del naceron historias, cantigas, celebracións e, sobre todo, unha boa chea de ditos e refráns que reflicten a sabedoría popular transmitida de xeración en xeración.

O viño acompaña os traballos do campo e tamén as festas. Non é estrano escoitar dicir: **“Co pan e co viño ándase o camiño”**, lembrándonos que as cousas sinxelas son as que nos dan forza para seguir adiante. O viño simboliza sustento, pero tamén alegría compartida. A experiencia ensinou sempre que o viño precisa tempo,



igual ca as persoas. Por iso se di: **“O bo viño non precisa ramo”**, indicando que aquilo que é de calidade non precisa grandes anuncios. Do mesmo xeito, outro refrán lembra: **“Viño vello e amigo vello, os mellores”**, relacionando a madurez do viño coa lealdade e o valor das amizades de sempre. Mais a tradición popular tamén advirte dos excesos. Porque se ben o viño alegra o corazón, en demasía pode

traer desgrazas. Así o expresa o dito: **“Moito viño, pouco tino”**, unha chamada á moderación e ao equilibrio. A sabedoría popular non condena o viño, pero si recomenda respecto e mesura. O clima e a colleita tamén teñen o seu lugar nos refráns: **“Ano de viñas, ano de ledicias”**, pois unha boa vendima sempre foi motivo de celebración nas aldeas. A vendima é traballo duro, mais tamén é festa, encontro e

esperanza renovada. En definitiva, os ditos e refráns sobre o viño forman parte do noso patrimonio inmaterial. Neles mestúranse humor, experiencia e valores comunitarios. O viño aparece como símbolo de amizade, de tempo compartido e de identidade colectiva. Porque, ao final, como ben di o pobo: **“Onde hai viño, hai camiño”** — e tamén historias que contar.



OBRAS
CORTICELA

TALLERES Y REPUESTOS BARCO S.L.

C/Castro, N.37 - Puente Ulla
15885 VEDRA - A CORUÑA
repuestosbarco@gmail.com
981 51 21 52
652 65 67 98

DISTRIBUIDOR AUTORIZADO



Maquinaria de jardinería - Maquinaria forestal - Recambios multimarca
Hidráulica en general - Recambios de automóviles - Herramientas

talleres LÓPEZ



electromecánica chapa pintura

S. Miguel de sarandón
15885 - Vedra

talleres.lopez@yahoo.es
606879175 - 659617631



GAMALLO
TU TALLER DE CONFIANZA

25 anos facendo valer o noso, A Ulla!

SOFÍA RIVEIRO OLVEIRA, VICEPRESIDENTA ASOCIACIÓN RAICEIROS

Este ano, 2026, cumprimos 25 anos de traxectoria asociativa en Raiceiros, que naceu en Sarandón (Vedra), en outubro de 2001, da man dun grupo de mozas e mozos, coa finalidade de estudar e recuperar a requinta da Ulla.

Tras este primeiro proxecto cultural e divulgativo virían outros das máis diversas temáticas; iso si, vencellados ao patrimonio material e inmaterial da comarca da Ulla, en concreto -e do país, en extensión-.

O río Ulla e a súa comarca deu para falar de pontes, comezando pola do Gundián ('Gundián. Un achegamento a unha paisaxe natural e humana', 2008) ata atravesalas todas, de inicio a fin ('As pontes do río Ulla. Natureza e Cultura', 2014). Tamén realizamos a guía 'O Val do Ulla. Unha comarca natural' (2007) ou os volumes 'Cántigas da Ulla' e 'Coplas ulláns' (2010) onde recollimos coplas da tradición oral da comarca ás persoas maiores das distintas parro-

quias dos concellos de Vedra, Teo e Boqueixón.

Estará presente a Ulla en dous dos catro cadernos de campo que temos elaborado, para recoñecer e recoller información sobre contornas naturais e orais da comarca ("Ulla naturalmente", 2019; "Ulla oralmente", 2021). Así mesmo, o Camiño Miñoto-Ribeiro é o protagonista do terceiro destes cadernos de campo: "Miñoto-Ribeiro peregrinamente" (2023) que nos serve de escusa para comentar o seu paso por Ponte Sarandón (Vedra). O cuarto caderno estará dedicado ao asociacionismo, con "ROGA. Caderno de campo para repensar a túa asociación", por iso de dar algunha idea de cómo manexarse no eido do asociacionismo.

Estes e outros proxectos - non mencionados aquí - tiveron percorrido tanto no audiovisual como no expositivo, e estivemos presentes nos espazos e eventos solicitados, pasando por concellos, locais sociais, por colexios, institutos ou facultades, podendo difundir os traballos realizados ao longo destes anos. E va-

mos a onde nos chaman (Espazo Activo da Ulla - Sarandón, San Pedro de Sarandón, San Fins de Sales, San Pedro de Vilanova, Santa Cruz de Ribadulla, Ponte Ulla, Trobe, Ramallosa - Teo, Salvador de Ledesma - Boqueixón, Pico Sacro - Boqueixón, USC - Santiago de Compostela, Centro Comercial As Cancelas - Santiago de Compostela, Rianxo, Carboeiro - Silleda, Semana Verde - Silleda, Touro, Vila de Cruces, Oca - A Estrada, IES Montecelo - Pontevedra, Culturgal - Pontevedra, Valadares - Vigo...), polo que, podemos dicir que temos incidencia raiceira no mapa cultural galego.

O formato lúdico tamén o empregamos para ofrecer posibilidades de uso dos materiais dun xeito divertido, facendo puzzles de distintos instrumentos da música tradicional e xogos de mesa como o das pontes do río Ulla ("De ponte en ponte arredor do Ulla", 2013), co seu taboleiro, pezas e preguntas.

Polos 20 anos fixemos un recopilatorio de materiais, recursos e temáticas abordadas que



expuxemos na Estación de Santa Cruz de Ribadulla e comprobamos que temos unha riqueza diversa cun mesmo sentido: o coñecemento e recoñecemento do propio como ben común.

E dada esta traxectoria de creación, faltaba o paso da dixitalización, polo que, a web de Raiceiros é un repositorio do que aquí estamos a contar, onde se poden descargar libros e folletos, ou ver os vídeos e documentais.

Pero, agora que cumprimos 25 anos, decatámonos de que nestes cinco últimos anos seguimos con actividade asociativa, facendo partícipes a outras entidades e tecendo así redes máis robustas nas que apoiarnos. Aí, o exemplo de Papaventos e as 3 xornadas de historias migrantes destes últimos anos consecutivos, a conmemoración das Letras Galegas en Cabreiros - Xermade e Friol onde falamos das cantareiras e as cantigas, ou a celebración

do Ano Castelao en 2025 con varias actividades compartidas coa Fundación Castelao.

Ademais, despois de ter homenaxeado ao fotógrafo Luis Ballesteros Martínez (San Pedro de Vilanova, Vedra, 1916), co proxecto 'Ballesteros. O fotógrafo' (2016), este ano queremos fixarnos noutro fotógrafo que deixou pegada na contorna e pronto daremos máis novas, xa que formará parte dos actos de celebración do noso 25 aniversario.

Así que, un ano máis - como vén sendo tradición -, queremos agradecer o convite que nos fai a comisión organizadora da XLIV Exaltación do viño da Ulla para poder compartir o que vimos facendo, contárvolo deste xeito ameno, e aproveitar a ocasión para convidarvos a participar do que está por vir. Brindemos por iso.

Viva o viño da Ulla! Por moitos anos!



EMECE
FOTOGRAFOS

- 644 325 900
- emece.fotografos
- www.emece-fotografos.com
- info@emece-fotografos.com
- emece.fotografos

AVD. BENITO VIGO, 42 - A ESTRADA

ESMERGA
CERVEXA

Como se fai unha boa cata de viños

A cata de viños é unha experiencia sensorial que nos permite coñecer mellor un viño, apreciar a súa calidade e entender as súas características. Aínda que pode parecer algo complexo, calquera persoa pode aprender a catar un viño seguindo uns pasos básicos e prestando atención aos sentidos.

1. Preparación da cata

Antes de comezar, é importante crear as condicións axeitadas. O lugar debe estar ben iluminado, sen cheiros fortes (perfumes, comida, fume) que poidan interferir. O viño sérvese nunha copa axeitada, limpa e transparente, e á temperatura correcta segundo o tipo de viño (brancos máis frescos, tintos algo máis temperados).

2. Fase visual

O primeiro contacto co viño é a través da vista. Inclínase lixeiramente a copa sobre un fondo branco e obsérvase a súa cor, intensidade e brillo. Estes detalles poden dar pistas sobre a idade do viño, a variedade da uva ou o



seu proceso de elaboración. Por exemplo, un tinto novo adoita ter tons violáceos, mentres que un máis vello presenta cores teixa ou acastañadas.

3. Fase olfactiva

Na fase olfactiva analízanse os aromas do viño. Primei-

ro cheírase sen mover a copa para detectar os aromas máis lixeiros. Despois, axítase suavemente a copa para liberar máis compostos aromáticos e volve cheirarse. Pódense identificar aromas froiteiros, florais, vexetais, especiados ou tostados, entre outros.

4. Fase gustativa

Chega o momento de probar o viño. Tómase un pequeno grolo e mantense uns segundos na boca, facendo que pase por toda a lingua. Avalíase o sabor, a acidez, o tanino (nos tintos), o corpo e o equilibrio. Tamén

se observa a persistencia, é dicir, canto tempo permanecen as sensacións despois de tragar ou cuspir o viño.

5. Valoración final

Por último, faise unha valoración conxunta de todas as fases. Analízase se o viño é harmónico, se cumpre as expectativas e se resulta agradable. A cata non busca só detectar defectos ou virtudes técnicas, senón tamén expresar impresións persoais e gozar da experiencia.

Conclusión

Facer unha boa cata de viños require atención, práctica e curiosidade, pero sobre todo ganas de aprender e desfrutar. Non hai respostas correctas ou incorrectas: cada persoa percibe o viño dun xeito distinto. O máis importante é deixar que os sentidos falen e gozar do camiño que ofrece cada copa.



OBRAS
GALLAECIA

PRAZA EUROPA Nº 3.
LOCAL 9E. 15.707
SANTIAGO DE COMPOSTELA
+34 981 691 964
contacto@obrasgallaecia.com

As redes sociais e o viño

DIANA FDEZ. SOUTULLO, AVOGADA EN IT E ADEGUEIRA. INFO@ADEGABUEZAS.COM

Esperabamos o pasado 3 de febreiro coa nova da proposta de prohibición de acceso ás redes sociais a menores de 16 anos.

Quen lendo este artigo poida preguntarse qué raio terá que ver esa nova sobre o acceso de menores ás redes sociais co

viño, a resposta ben podería ser a seguinte.

Que o estado español está á cabeza nesta medida xunto con Australia e Francia, e á vez estes 3 países están entre os 10 maiores produtores de viño do mundo.

Se ben, o feito de que estes 3 países coincidan nas dúas clasificacións -por unha banda, de

maiores produtores de viño, e por outra, en adoptar a prohibición de acceso aos menores ás redes sociais- debe ser froito da mera coincidencia.

A resposta á pregunta sobre a relación entre o viño e a prohibición aos menores de acceso ás redes sociais, está na acción da prohibición e no destinatario da mesma, os menores.

As comunidades autónomas, dentro das competencias atribuídas pola constitución relativas á protección da infancia e da xuventude, desenvolveron políticas e aprobaron leis que prohibían a venda e o consumo de bebidas alcohólicas a menores desde os anos 90.

O pasado 23 de decembro de 2025, o Parlamento de Galicia

aprobou, unicamente cos votos a favor do grupo parlamentario que forma o goberno galego, unha nova lei, como un agasalho mal envolto de Nadal, a Lei 6/2025, do 23 de decembro, de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas aditivas.

Son en total 10 artigos, os que van desde o 20 ao 29, os que



Mármores e Granitos Ulla

Corte e elaboración de pedra, granito e mármore.

☎ 650 428 162
639 067 531

Arnois (A Estrada)
marmolesygranitosulla@gmail.com

EXCAVACIONES

SEVERINO

PUENTEVEA

☎ 696 49 23 61

COMUCA S.L.

- MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN
- PAVIMENTOS SANITARIOS Y GRIFERÍA
- SERVICIO DE CONTENEDORES PARA ESCOMBRO
- TRANSPORTE DE MERCANCÍAS
- SERVICIOS DE CAMIONES GRÚA (TODOTERRENO 4X4) CON CABLE ESTANTE, CESTO, CUCHARA Y PINZA DE MADERA

ALCONGAL
UNITESE PARA CONSTRUIR

Travesía do Sixto, 11 - Marrozos 15893 Santiago de Compostela - A Coruña
Telfs. 981 53 96 59 - 659 17 26 75
e-mail: comuca@comuca.com - www.comuca.com - Búscanos en:

PAVIMENTOS

MARROZOS



regulan a publicidade, venda e consumo de alcohol en Galicia, desde o 7 de marzo deste ano.

A diferenza do anterior texto normativo do ano 2010, non hai distinción entre bebida fermentada e bebida alcohólica. O que na práctica implica equiparar unha copa de albariño de 13 graos a un chupito de absenta de 90 graos. **Teremos que berrar ben alto: viva o viño!**

Esta nova lei renova a prohibición a menores de idade do consumo de bebidas alcohólicas.

Mais como novidade, esta lei prohíbenos aos maiores de

idade o consumo de alcohol na vía pública, agás en terrazas ou espazos habilitados como tales. E a miña mente trasládame a Australia, onde sendo o 7º maior produtor de viño do mundo, as persoas desfrutan diariamente do solpor brindando cunha copa de viño, nun parque, nunha praia...

E se nos parecera pouco, ás adegas, a devandita lei, imponnos a seguinte obriga:

Durante as visitas, que son a maior expresión do enoturismo, deberemos informar acerca dos efectos nocivos ou prexudiciais

do consumo de bebidas alcohólicas sobre a saúde das persoas.

Cabería preguntarnos cales son os efectos nocivos. Mais en calquera caso, e atendendo a un dos obxectivos da lei, en concreto **á promoción de hábitos saudables**, é máis beneficioso para a sociedade informar sobre 3 praceres do viño.

1.- O pracer de desfrutar dunha copa de viño **acompañando un bo xantar ou un pequeno petisco**.

2.- O pracer de desfrutar **dun bo viño** e non dunha inxente cantidade de auga de floreiro

nin de eau de cologne.

3.- O pracer de desfrutar da **historia, da terra e do traballo** que da como resultado unha botella de viño que cada un pode **soster nas súas propias mans**.

E para concluír:

-A prohibición do consumo de alcohol en menores é entendible.

-A promoción do coñecemento e o desenvolvemento de habilidades persoais para controlar as condutas aditivas é necesaria, máxime se o que realmente se pretende é a corrección de hábitos e non a re-

presión de condutas.

-O incremento do sistema punitivo con esta nova lei, un desacerto.

Poderemos coincidir ou non nestas conclusións dunha breve análise da nova lei que afecta ao consumo do viño, mais estou segura que no que si coincidiremos, e darémoslle un like, é en afirmar que o mellor prescriptor do viño é unha persoa consumidora ben informada e satisfeita co viño que lle ofrecemos. Polo tanto, propoño un brind:

Polos consumidores ben informados!

TRANSPORTES Y GRUAS ESTACION

OFICINAS:
ESCLAVITUD - PADRON:
Telf.: 981 80 35 60 - Fax: 981 80 35 58
SANTIAGO:
(Pol. del Tambre) - Telf.: 981 50 98 06
PONTEVEDRA:
(Ctra. de Vigo - Bértola) - Telf.: 649 90 14 00
e-mail: estacion@interbook.net - http://www.archy.com/gruas_estacion

Estación de Servicios Santa Lucía, s.L.
O EIXO - SANTA LUCÍA - SANTIAGO
Telf.: 981 817 407 - M. 620 310 741
Ctra. Nacional 525 Santiago - Ourense
15893 Santa Lucía - Santiago
(a 2 km. del Corte Inglés)
e-mail: essantalucia@hotmail.com
www.estaciondeserviciosantalucia.com
Para su comodidad, haga sus encargos por telf. con antelación
En nuestra estación de servicio y en la calle Santiago de Chile 15 encontrarás:

- Una gran variedad de comidas para llevar: ensaladas, pastas, arroces, pescados, pollos, carnes y platos típicos
- También una gran variedad de postres caseros

CAFETERÍA con Terraza
Supermercado FROIZ

En Santa Lucía tu comida de cada día

MADERAS LATA

San Miguel de Sarandón, 6
15885 Vedra (A Coruña)
T. +34 981 502 020
F. +34 981 502 043
www.maderaslata.com
info@maderaslata.com

Albariño de Meyre

Un viño con etiquetado precoz

RAFAEL MACÍAS GALÁN, LICENCIADO EN HISTORIA E XEOGRAFÍA, LICENCIADO EN BELAS ARTES

A comezos do século XX as irmás Silva Bermúdez herdaron a casa e a finca de Fuente de Meyre¹; unha delas, Amelia, estaba casada desde 1892 con Casimiro Torre Sánchez-Somoza.

Merece a pena detenernos un momento neste señor. Casimiro Torre Sánchez-Somoza (1864-1937) era fillo de Casimiro Torre Castro, catedrático de Medicina, rector da Universidade Compostelá e senador do Reino. Viúvo dende moi novo, enviará os sus fillos, Lino e Casimiro, a Santiago, donde se criarán e educarán baixo a tutela do seu tío Lino Torre Castro, daquela deán da Catedral durante o arcebispado do cardeal Payá.

Casimiro Torre Sánchez-Somoza licenciase en Medicina en 1888 na Universidade de Santiago. Ocupa a Cátedra de Técnica Anatómica en 1907. Foi médico e subdirector do Balneario de Mondariz e médico do Centro Rexional de Vacinación de Santiago.

Político como o seu pai e irmán, da man de Eugenio Montero Ríos militará no Partido Liberal donde chegará a ser vicepresidente local; alcanzará os cargos de concelleiro en Santiago de Compostela, alcalde accidental en 1905, presidente da Diputación da Coruña e deputado en Cortes dende o 21 outubro 1909², despois será nomeado sucesivamente gobernador civil de Cáceres, de Canarias e, en 1918, de Logroño; neste último destino demostrará a súa pericia sanitaria e o seu fervente hixienismo ó adoptar medidas profilácticas para evitar a propagación da epidemia de tifus exantemático que coincidiu coa súa chegada á provincia, acontecemento que se verá extensamente reflexado na prensa riojana e será estudado con posterioridade nunha ampla bibliografía médica³.

En Vedra, xa dende 1913 había renovado a produción agrícola e gandeira; conservanse facturas de plantas herbáceas para prado, trae dende Portugal unha máquina para triturar ósos que complementa a alimentación das galinas, etc.

A familia custodia unha carta de Antonio Maura, novo presidente do Consello de Ministros, de 26 de abril 1919, ordenando permanezca no seu posto de gobernador civil de Logroño ata a chegada do seu sucesor.

Retirado dende entóns da política, permanecerá en Vedra ata a súa morte en 1937. Dedicado plenamente á explotación moderna das fincas agrupadas baixo a denominación "Granja de Meire", compra porcos Large White con pedigrí e constrúe novos establos, sucesivamente ampliados e mellorados.

(1) Casa de Fuente de Meyre o Meire, indistintamente ena documentación, conocida tamén como Casa de Silva ou Casa Grande de Pousada.

(2) Consérvase a felicitación autógrafa do presidente do Consello de Ministros Manuel García Prieto.

(3) A súa calidade médico-científica queda reflexada na carta que remite Karolinska Institutet en Estocolmo da Fundación Alfred Nobel invitándolle a presentar un candidato para o Nobel de Fisioloxía e Medicina de 1933.



adegabuezas.com

PEÓN & REI

100% UVA ALVARINHA

ESTUDIO ARQUITECTURA

ARQUITECTO: CESAR GARCIA PINEIRO | 633.200.005 | WWW.ELO.GAL | CESAR@ELO.GAL

ASESORÍA TÉCNICA VITIVINÍCOLA

- ANÁLISIS DE VINOS Y SUELOS
- PRODUCTOS ENOLÓGICOS
- ASESORAMIENTO INTEGRAL DE BODEGAS, VIÑEDOS, FRUTALES Y OTROS CULTIVOS.

Rafael Fraga Serantes
637 549 918

Avda. de Galicia, 48 B • Telf./Fax: 986 52 00 48 • salnesvin@hotmail.com
36630 CAMBADOS (Pontevedra)

PERNAS
MULTICENTRO
EN CUNTIS Y PONTEVEA

www.pernasmulticentro.com

621268445

C/ Circunvalación
Don Aurelio, 80
Cuntis

981809002
pedidos@danielpernas.com

Rúa Ignacio Varela, 26
15883 (Pontevea - Teo)

VIÑOS. RACIONES. DELICATESSEN.
COMIDAS POR ENCARGA.
CATERING DE ENTRANTES

café bar
casa pernas

Rúa Ignacio Varela, 25.
Pontevea - TEO [T. 981809002]
info@danielpernas.com

Os seus esforzos deberían terse visto recompensados cando á Granja de Meire se lle concedeu o “Campo de Demostración Agrícola de Vedra” en 1923. Mellórase a produción de leite grazas á importación pioneira de vacas holandesas, sendo xa en 1929 a produción tan ampla que se embotella e se vende; existen facturas e material destas datas.

Como dixemos, a súa estancia en Logroño fixo que contactase con produtores rioxanos como Federico Paternina ou Mauricio Ulargui; este último, nunha carta fechada o 12 de marzo de 1912, comenta: *Non chame vostede “vinillo” ao das ribeiras do Ulla que tivo a amabilidade de facerme probar, máis ben pode figurar como un verdadeiro chablis.* Que o viño era de calidade xa o sabía don Casimiro, e tiña a costume de agasallar aos amigos e notables co albariño da súa Casa de Meire. Como exemplo serve a carta autógrafa que lle envía o presidente do Goberno Manuel García Prieto, fechada en Madrid o 31 de xaneiro de 1919, agradecendo o viño agasallado.

En España, un primeiro instrumento de defensa das producións locais foi a Lei de Propiedade Industrial, do 16 de maio de 1902, que definía a indicación de procedencia, regulaba a con-

cesión de marcas e ofrecía protección fronte á competencia desleal. Esta lei foi un paso significativo para a organización posterior das zonas vitivinícolas do noso país baixo a figura das indicacións de procedencia. Don Casimiro coñece ben a lei e o mercado vitivinícola e a necesidade dun bo etiquetado, como xa se facía en La Rioja, e que con tan bo tino usaba Ulargui de cara á exportación.

Á lexislación específica do viño e, baseándose na Lei de Propiedade Industrial do 16 de maio de 1902, que regulaba o proceso de concesión dunha marca e establecía protección fronte á competencia desleal, inicia o 26 de decembro de 1930 a solicitude da marca “GRANJA DE MEIRE” para facer o máis amplo uso que permiten as leis vixentes.



Consérvase no arquivo familiar o Certificado de Rexistro n.º 83.614 de 26 de marzo de 1931, que concede a marca “GRANJA DE MEIRE” a D. Casimiro Torre Sánchez-Somoza, en Vedra, durante 20 anos renovables quinquenalmente, que dice: *“Consiste esta marca en un círculo alrededor del cual y por la parte superior lleva la inscripción Granja de Meire nombre de la así denominada donde se obtienen los productos que distingue y por la parte inferior la palabra Vedra, designación geográfica (que no se solicita a título privativo) de la parroquia y capital del Ayuntamiento donde está enclavada la granja Meire, en el centro del círculo lleva un enlace de iniciales que son las letras A. C. M. y S. que corresponden a los nombres Amelia, Carmen y Matilde Silva que son el nombre y apellido de la Esposa, y hermanas políticas del solicitante”.* As botellas serían tipo Rhin de fondo plano e capacidade de tres cuartos de litro.

Casi inmediatamente comezan as vendas de viño, que se facturan dende a estación de Ferrocarril de Cuntis.

A regulación definitiva deuse coa aprobación do Estatuto do Viño de 1932, convertido en lei en 1933, o cal introduciu na lexislación española a figura da denominación de orixe, e que incorporou os principios e as obrigas



do Acordo de Madrid de 1891. A Guerra Civil paralizará este intento legal, que se verá demorado ata ben iniciado o novo réxime.

Don Casimiro Torre faleceu en 1937; sobrevivenlle a súa esposa Amelia Silva Bermúdez, e serán os seus fillos Purificación e José os que continúen co legado vitivinícola.

O Ministerio de Industria e Comercio, no decreto do 3 de febreiro de 1945, establece o rexistro obrigatorio de marcas, e en consecuencia os irmáns Torre Silva solicitan o 7 de xuño do mesmo ano a marca no Rexistro da Propiedade Industrial nas clases 8.^a (enoloxía, viños, mostos, cervexas, vinagres) e 9.^a (destilería, alcoholes, augardentes e licores) para poder continuar emboteando e vendendo o viño.

Agora xa, especificamente para o viño, diseña-se unha nova etiqueta que leva o escudo cos apelidos de D.^a Amelia Silva Bermúdez. Citamos: *Consiste esta marca en el dibujo de un escudo partido, en cuyo cuartel izquierdo se distingue un león rampante, en el derecho contiene un dibujo ajedrezado...* Este homenaxe aos apelidos de D.^a Amelia suporá un retraso na aprobación da marca, pois recórdase aos solicitantes nas condicións de venda que, segundo a lexislación, non se poderá rexistrar ningunha marca que consista nun escudo de armas se non se ten dereito ao uso

- MONTAXES ELECTRICOS
- ALUMADOS ESPECTACULARES
- SERVIZO DIRECTO

INSTALACIONES ELECTRICAS

MANUEL FERNANDEZ

Teléfonos: 981 503 285 - 981 809 217
Móbil: 670 306 203
SAN MIGUEL DE SARANDON • VEDRA

Empresa Instaladora Autorizada

Miguel Camino

Instalaciones y Reparaciones de Fontanería, Calefacción y Gas

Móvil: 629 61 96 86 TROBE - VEDRA // miguelkamino@gmail.com

PUB

Vértigo

★ ★ ★

destas, o cal había que demostrar debidamente.

O Sindicato Vertical da viña da Coruña comunica aos solicitantes o 26 de xuño de 1945 que está á espera dunha nova normativa da Dirección Xeral de Comercio e Política Arancelaria; o 31 de xullo o Sindicato Provincial da viña, cervexas e bebidas contesta ao escrito do 26 de abril para obter o número de embotellador. Paralelamente, o representante en Madrid envía carta do 30 de setembro de 1947 lembrando que se deberá pagar a renovación por quinquenios en 1952, 1957 e 1962.

O ano 1948 parece que por fin o Ministerio se toma en serio o rexistro de marcas e lembra, o 11 de febreiro de 1948, a necesidade dunha nova solicitude para elaboradores de viños de todas as clases, que se renova o 9 de marzo como... *Albariño, nombre comercial MEYRE, marca registrada* ca descrición da etiqueta. O 31 de marzo comunícase a instancia en curso ante o Rexistro de Embotelladores, do Ministerio de Industria e Comercio. En maio facilitáranse os informes requiridos para o Rexistro de Embotelladores, pero o expediente segue parado. Ante a insistencia da marca, o Ministerio de Industria e Comercio, o 23 de xuño, comunica que se pode seguir embote-

llando, poñendo “solicitado” ou “en tramitación”.

En realidade, seguíase embotellando, porque se conservan facturas de ese ano de 5.500 tapóns, e da cosecha, que sumou ese ano 4.468 botellas de viño⁴.

O 18 de xaneiro de 1949, o Sindicato Provincial de la viña, cervexas e bebidas remite por fin o número de embotellador 2184, confirmado o día 22.

Os irmáns José e Purificación Torre de Silva constitúense en Sociedade Privada para a explotación da marca de viño e embotelladora propiedade de ambos en Vedra o 9 de marzo de 1954.

Desta época consérvanse bastantes facturas de material vitivinícola (cubas, vasos clarificadores, botellas, tapóns, cápsulas, colariños, etiquetas, caixas, precintos, etc.), así como pedidos de caixas de viño “Albariño de Meyre” para diversos lugares, xa sexa directamente ou a través do representante. Destaca especialmente o comercio de viño con Madrid; nomes como Manuel Pérez Fernández e Hermanos, Fortuny S. A., Antonio López Algar, Mantequerías Galegas e Mantequerías Leonesas, esta última recoñecida cadea de tendas *gourmet* e produtos *delicatessen*; o que da unha idea de prestixio do Albariño de Meyre.



Pasado o Nadal de 1957, en concreto o 2 de febreiro de 1958, o representante en Madrid informa da detención do dono de Mantequerías Gallegas acusado de falsificación de *champagnes* franceses, polo que recomenda non servirle ningún artigo. Había pedido cien caixas con urxencia en decembro de 1957. Según aa acusación, compraba viños blancos de calidade e gasificabaos vendéndooos como *champagne* durante as festas. Esta contrariedade dinamitou o proxecto de elaborar *champagnes*, aínda que xa estaban impresas as etiquetas.

José Torre Silva, médico titular de Vedra, morre en 1959. Con posterioridade, o 13 de setembro de 1963, inscríbese no Rexistro

da Propiedade o dereito hereditario de José Torre Silva a favor dos seus herdeiros, todos fillos menores.

Houbo intentos de exportar o viño: en 1947, o representante en Madrid recomenda facer o rexistro na Oficina Internacional da Propiedade Industrial con sede en Berna, e en 1963, na correspondencia interna, fala sobre “o de Norteamérica”, pero son pineladas sen continuidade.

A venda seguíu funcionando con algúns pedidos notables: o Banco de Crédito Local de España solicita en 1959 cen caixas de Albariño Meyre; pero cada vez é

máis irregular, e seguirá con altos e baixos ata principios dos anos 1970. Os últimos datos conservados no arquivo son de 1966.

Desde o ano 2022, o Museo do Viño de Galicia inclúe nos seus fondos o conxunto de etiquetado do viño “Meyre” por doazón da súa actual propietaria, María Amelia Torre Vilariño.

O viño, superado o seu pasado comercial, segue producíndose na mesma finca, na mesma adega e co mesmo proceso; pero hoxe ten unha dimensión doméstica reservada á Casa de Meyre, aos seus amigos e convidados.

(4) Sabemos que o prezo da botella en ese ano era de 15 pts. un prezo alto, pois nunha comparativa somera superaría actualmente os 50 euros.



RICARSAT



Pol. Ind. del Tambre, Boisaca
C/ M.ª de los Ángeles de la Gándara, 8
15890 Santiago de Compostela (España)
Telf - 00.34.981.577.599
ricarsat@ricarsat.com
www.ricarsat.es

SÍGUENOS





NCLIMAG

INGENIERÍA | MONTAJE | MANTENIMIENTO

FIXAGAL

Barreiro

frutas



VILAR DE CAIO, 9. TEO

981 530 534 654 211 860

O TEU ALMACÉN DE CONFIANZA

A metamorfose produtiva do territorio post-mineiro

VENANCIO SALCINES, SENIOR ADVISOR DE COBRE SAN RAFAEL

Cando falamos de economía e territorio, a miúdo esquecemos o inmenso potencial do que estamos a deixar escapar. A **minaría**, durante séculos motor industrial e sostén de comarcas enteiras, deixou un legado complexo: paisaxes alteradas e un baleiro socioeconómico que ameaza con cronificarse en forma de despoamento. Non obstante, onde algúns ven un peche definitivo, outros vemos unha **segunda oportunidade**. A **conversión de antigas explotacións en viñedos** non é unha anécdota estética; é unha operación estratéxica de **reconversión económica** para pasar da extracción finita á **xeración de valor renovable**.

A natureza ofrece unha **van-taxe competitiva** inesperada. A vide é un **cultivo estoico** que prefire o “sufrimento” dos solos pobres. En terreos post-minaría, o **estrés hídrico controlado** concentra a enerxía no froito, disparando a calidade. Ademais, as raíces actúan como unha **mall**

que **frea a erosión** en antigas entulleiras, convertendo o viño nun **sumidoiro de carbono**. Producimos calidade mentres limpamos a atmosfera.

Esta teoría ten un reflexo tanxible e exitoso no propio territorio nacional. O exemplo máis claro é **Viña Ijalba** na Rioxa, que leva trinta anos demostrando que, sobre antigas graveiras recheas de pedra, pódense recuperar variedades autóctonas de calidade superior. Máis ao sur, en Toledo, **Viña Canteraza** (CE-MEX) transformou canteiras de calcaria en viñedos de Cabernet e Syrah cuxas anadas se esgotan, validando o “terroir” industrial. Unha excelencia que confirma **Finca Coronado** en Ciudad Real, onde a visión de enólogos como Miguel Ángel de Gregorio proba que os solos modificados son unha oportunidade para crear viños de autor con carácter único.

Baixo estas premisas e coa vista posta no futuro, a minaría do século XXI asume a obriga de ser, ante todo, un **axente de restauración territorial**. En Galicia, o proxecto de **Cobre San Rafael** en



Fotografía da canteira-viñedo de Cemex en Yepes. Autor: CEMEX (2025)

Touro materializa esta ambición ao integrar a obtención de cobre —metal crítico para a descarbonización e a electrificación— coa **rexeneración ambiental** como alicerce innegociable. Grazas a un **deseño técnico** a partir das **Mellores Técnicas Disponíbles (MTD)** baseado na **minaría de transferencia**, faise posible unha **rehabilitación continua e compasada**: os ocos énchense e os solos restáuranse de xeito simultáneo ao avance da excavación, sen agardar ao peche definitivo, o que **minimiza a pegada visual**

e **ambiental en tempo real**. Deste xeito, demóstrase factualmente que a **actividade produtiva industrial-mineira** e o uso **agro-forestal** non son antagonistas, senón **etapas dun mesmo ciclo** que garante un **legado de terreos saneados, fértiles e produtivos** para a comunidade moito máis alá da vida útil da mina.

A **viabilidade económica** deste reaproveitamento agrario, especialmente se se orienta cara á **viti-cultura**, tradúcese tamén en cifra. No caso dun **viñedo maduro**, este xera miles de euros por hectárea,

pero o seu verdadeiro milagre é o **efecto multiplicador**: trae adegas, turismo e fixa poboación cualificada. É certo que o retorno require paciencia -a vide tarda anos en acadar a excelencia-, pero a **rendibilidade social** é innegable.

Así que, cando descorchemos a próxima botella, recordemos que non só bebemos o froito dunha colleita. Estamos a celebrar a resiliencia dunha terra que se negou a morrer. Brindemos por iso, e se é posible, cun viño nacido das entrañas da nosa historia industrial. Saúde e futuro.



TALLER DE ARTESANIA Nº813

CONTROL DE CALIDADE AUDITADO E CERTIFICADO POR LOM.

C/ VISTA ALEGRE, 2 15885 PONTE ULLA - VEDRA - A CORUÑA

Telf: 981.512.058 * 981.512.060 * 696.448.751

Correo: info@pirotecniapenide.com

Web: www.pirotecniapenide.com

Sondeos Guerra

- Geotermia • Tomas de terra • Sondeos en xeral •
- Pozos de barrena • Captacións de auga •
- Perforacións verticais e horizontais •

Vaamonde - Teo

Tlfs. 981 503 096 - Móbil 608 181 803 e 606 307 605

SANTIAGO DE COMPOSTELA

BAR-ULTRAMARINOS-PULPERÍA

ROMERÍAS
BANQUETES
1^{AS} COMUNIONES
BAUTIZOS

VINOS DEL ULLA Y BARRANTES

Teléf.: 981 503 054 - Móvil: 639 818 025

Vedra (A Coruña)

PULPERÍA

Juan Guerra

COMPROMISO

COA TERRA QUE NOS UNE

Na comarca do Ulla compartimos algo máis ca un territorio: compartimos futuro.

Traballamos cun firme compromiso medioambiental, apostando por unha minería moderna que restaura o terreo ao mesmo tempo que avanza, recuperando a paisaxe paso a paso. Ademais, garantimos a máxima protección da auga mediante un sistema de circuíto pechado: nin captamos auga do río Ulla nin vertemos nada nel, reutilizando cada gota no noso proceso.

O noso compromiso é tamén social: contribuímos ao desenvolvemento económico da zona, xerando emprego de calidade e apoiando o deporte e as iniciativas locais que fortalecen a nosa comunidade.

